




# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 20 de decembro de 2024





## **RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 20 DE DECEMBRO DE 2024.**

### **Información e actas**

1. Aprobación das actas das sesións anteriores número 13/2024, de 22 de novembro e número 14/2024 de 29 de novembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de novembro ata o 13 de decembro de 2024.

### **Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís**

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar os Proxectos: Programa "Arrol-Arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros e do correspondente convenio de colaboración.
4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Culturgal para financiar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024) no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.

### **Comisión de Deporte**

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Rallye Rías Altas para cofinanciar a organización da X Edición do Rallye Rías Altas Histórico.

### **Comisión de Política Social, Educación e Mocidade**

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) para financiar a Adquisición dun local para sede de ASPERGA e o correspondente convenio de colaboración.
7. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) para financiar a Adquisición dun local para servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal e o correspondente convenio de colaboración.
8. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.
9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade de A Coruña para cofinanciar o proxecto "Unidade de Atención á Diversidade" no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.
10. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Universidade da Coruña para cofinanciar os Proxectos First Lego League Nacional e Green Power no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos**

11. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de



Ponteceso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de abastecemento e saneamento de Lestimoño, ata o 31 de decembro de 2026.

12. Aprobación inicial polo Pleno da segregación e cesión gratuita da superficie de 728,36 metros cadrados do predio matriz con referencia catastral 15069A076011460000PD, que esta Deputación Provincial posee en Balarés- Ponteceso, a favor do Concello de Ponteceso.

13. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado.

14. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto.

15. Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2025 ata o día 31 de decembro de 2025.

### **Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios**

16. Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0.

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento Liñares - San Salvador", do Concello da Baña, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0307.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo", do Concello de Malpica de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0177.0.

### **Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital**

19. Dación de conta do Plan 2024 para a fiscalización a posterior dos recursos propios da Deputación, dos recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada e da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, adscrito á Deputación, dos exercicios 2022 e 2023.

20. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

21. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.



22. Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.
23. Aprobación da amortización de accións da sociedade mercantil Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A. e a saída da Deputación da Coruña do accionariado.
24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Pobra do Caramiñal.

#### **Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria**

25. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no financiamento da realización do informe completo "A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2023".
26. Aprobación da corrección de erro material no texto do convenio interadministrativo de cooperación número 57 do 6 de setembro de 2024 asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de arte rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela".

#### **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**

27. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2024".
28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o proxecto "Creación e dinamización dun Ecosistema de Emprendemento en Cooperativa", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2024.
29. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento do proxecto "Ampliación e mellora do equipamento do centro de apoio ao desenvolvemento rural, A Fusquenlla", no marco do Plan de Emprego Local (PEL).
30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle".
31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para levar a cabo as obras do proxecto construtivo de "Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 2.1. (T.M. de Santiago de Compostela)" no marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.
32. Dación de conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación de Galicia" e das súas recomendacións.
33. Dación de conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais. Concellos de más de



20.000 habitantes" e da súa recomendación.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais**

34. Aprobación do proxecto da obra DP 1105 Noia a Boiro: Mellora capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente, punto quilométrico 14+031 AO 15+603 (Boiro); incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2024.

35. Aprobación do proxecto da obra DP 6902 Pontedeume a Pedra da Auga. Mellora seguridade vial e mellora superficial do firme. Punto quilométrico 0+000 a 1+880 (Pontedeume), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2024.


36. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 7402 Marteo a Augasantas, Ampliación e mellora; punto quilométrico 0+000 a 2+543 (Rois) incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI)2022.

37. Aprobación técnica do proxecto da obra DP 3201 modificación de ampliación e mellora Estación Curtis ao Carregal e Gorxa, punto quilométrico 8+400 a 11+070 e senda punto quilométrico 8+700 a 9+700 (Curtis), incluído no Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2021.

### **ACTUACIÓN DE CONTROL:**

### **MOCIÓN**

### **ROGOS E PREGUNTAS**



**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 20 de decembro de 2024.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 20 de decembro de 2024, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

**Deputados/as**

**Asistentes:**

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Doan Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

O Sr. Rey Martínez entra comezada a sesión, no punto número 9.

**Actúa como secretaria:** dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

**Sr. Presidente**

Bos días. Empezamos co primeiro punto da orde do día.



**1.- Aprobación das actas das sesións anteriores número 13/2024, de 22 de novembro e número 14/2024 de 29 de novembro.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións anteriores número 13/2024, de 22 de novembro e número 14/2024 de 29 de novembro.

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de novembro ata o 13 de decembro de 2024.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de novembro ata o 13 de decembro de 2024.

**3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar os Proxectos: Programa "Arrol-Arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros e do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**


O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 35.000 €, á Universidade da Coruña para financiar os Proxectos: Programa "Arrol-Arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros cun orzamento subvencionado de 43.750 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 4 de decembro de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**



**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar os Proxectos: Programa "Arrol-Arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros.**

Na Coruña, a

### **REÚNENSE**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Universidade da Coruña

Os/as comparecientes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

### **EXPOÑEN**

Primeiro.- A Universidade da Coruña é unha entidade de dereito público que, de acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacóns con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

De acordo co artigo 4, na realización das súas actividades a Universidade aterase aos principios retores do Estado social e democrático de dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Segundo.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade da Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes


### **CLÁUSULAS**

#### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento dos Proxectos: Programa "Arrol-Arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros.

#### **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade da Coruña.**

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



Concepto		Importe
<b>Programa “Arrol-Arte”, coidados e autocoidados feministas</b>		
- Xestión, organización e execución do programa	6.200,00	7.000,00
- Creación da imaxe do proxecto	800,00	
<b>Programa de liderado con perspectiva feminista</b>		
- Retribucións das persoas relatoras	6.000,00	
- Desprazamentos das persoas relatoras	2.000,00	14.000,00
- Peza audiovisual	5.000,00	
- Material de oficina: cadernos, bolígrafos, papel, ...	1.000,00	
<b>Puntos violeta</b>		
- Estruturas de cartón, mini tótem, ...	6.000,00	6.000,00
<b>Propostas para a sensibilización de homes como aliados do feminismo</b>		
- Retribucións das persoas relatoras	5.000,00	5.000,00
<b>Guía para acollemento e acompañamento a vítimas</b>		
- Maquetaxe e edición	3.000,00	3.000,00
Soldos e salarios (persoal da UDC)	8.750,00	8.750,00
<b>Total</b>		<b>43.750,00</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.


A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarase do apartado de imaxe corporativa [https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm\\_source=MenuGlobal&utm\\_campaign=MenuCabecera&utm\\_medium=Web](https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web)

2. Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do endereço electrónico [igualdade@dacoruna.gal](mailto:igualdade@dacoruna.gal) a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade da Coruña.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- \* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.



\* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.


A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1. A Universidade da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.



## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que



resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
  
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
  
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
  
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**


1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación
  
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.



**2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.** Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Culturgal para financiar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024) no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 46.000,00 €, á Asociación Culturgal para cofinanciar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024)*, cun orzamento subvencionado de 224.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.


**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de decembro de 2024.

**3-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

***"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal para financiar a Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024)"***

Na Coruña, a



## REUNIDOS

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Asociación Cultural

Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

**1.-** A Asociación Cultural é unha entidade sen ánimo de lucro que foi constituída no ano 2010 para dar continuidade e estabilidade a Feira que, co mesmo nome, arrancara de maneira exitosa en 2007. Forman parte de Cultural as asociacións profesionais más representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET), Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI).

**2.-** De conformidade cos seus estatutos son fins da entidade, entre outros, a organización da Feira Cultural, espazo onde as industrias culturais galegas poden presentar, amosar, promocionar e vender os seus productos. Trátase de darlle visibilidade á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, ser un lugar de encontro das industrias culturais que favoreza e promova a cooperación e o apoio mutuo entre os seus membros.

Cultural é a feira de referencia da cultura galega; unha cita anual cuxa meta é favorecer a comunicación, cooperación e formación de redes de apoio mutuo entre profesionais, empresas e institucións do sector á vez que se facilita o contacto directo co público. Desde a súa primeira edición no 2007 constitúise como o principal punto de encontro entre cultura e sociedade, un escaparate para as novedades artísticas e creativas no mundo do libro, o teatro, o audiovisual, a música, a tecnoloxía e a arte contemporánea.

**3.-** A edición do ano 2024 continua co Cultural expandido: conxunto de accións fixadas no mes de novembro en poboacións distintas á sede.

A programación expandida será a causa do asentamento de novas complicidades entre os públicos xerais e profesionais, as administracións locais e as industrias culturais rexionais, nacionais e internacionais. Servirá para enfiar novas relacións respectando o marco socioeconómico actual e para difundir propostas artísticas en distintos ámbitos espaciais e culturais exercendo como medio de intercambio entre toda a audiencia e as propostas.

A proposta para este ano 2024 é ir reducindo a distancia entre cidades, vilas e pobos, e levar o Cultural ata localidades con carácter máis rural para apoiar a súa actividade cultural, recoñecer ese labor e facelo visible ao tempo que se leva a actividade cultural desa localidade ata a celebración en Pontevedra.

**4.-** De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de



actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

**5.-** A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal coinciden no seu comén interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Culturgal, con CIF: G70259924, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos assumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024)***.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Culturgal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

#### **(621) Arrendamentos e canons**

Producións stands singulares expositores (aluguer)	20.000,00
Aluguer de Stands e montaxe Culturgal e modulos centrais	20.000,00
Aluguer de moqueta e tarimas dos distintos espazos	14.000,00
Aluguer de Iluminación e Son Auditorio	10.000,00
Aluguer de Pantallas iluminación e equipos de son recinto Feiral 15.000,00	15.000,00
Walkies	350,03

#### **(624) Transportes**

Servizo de Transporte espazo Arte	1.300,00
-----------------------------------	----------

#### **(623) Servizos de profesionais independentes**

Servizo de Seguridade do recinto	2.179,84
Servizo de controladores de acceso	2.000,00
Servizo Plan de Autoprotección	1.000,00
Servizo de Coordinacion de riscos	800,00
Servizo de Plan de prevencion de riscos laborais e seguridade no traballo	405,94
Servizo de ambulancia	1.800,00
Servizo Producción Técnica Arzúa	3.000,00
Servizo de Coordinación Xeral. Dirección	16.000,00
Servizo de Secretaría Técnica, Cood expositores	6.000,00
Servizo Coordinación actividades + planificación	6.000,00
Servizo de Coordinación de producción	6.500,00
Servizo de Coordinación espazo arte	7.500,00
Servizo de control de entrada	1.000,00
Servizo de rexiduria	1.500,00
Servizo de administración da feira	5.700,00
Cachés espazo cinema	5.500,00
Cachés recinto da Feira	9.000,00
Cachés espazo arte	6.500,00
Cachés espazo infantil	6.000,00



Servizo de diseño comunicación	4.500,00
Servizo de fotografía	2.000,00
Servizo de Video grabación e edición	1.500,00
Servizo de comunicación e xestión redes sociais	7.000,00
Servizo Plataforma entradas	3.500,00
<b>(627) Publicidade, propaganda e relacións públicas</b>	
Publicidade en prensa, radio e redes sociais	10.055,00
Varios imprenta	4.649,97
Lonas Espazos (un só uso)	2.680,62
<b>(640) Soldos e salarios</b>	
Soldos e Salarios persoal entrada, rexidurías, produción,...	8.512,22
<b>(642) Seguridade social a cargo da entidade</b>	
Seguridade Social a cargo empresa	2.802,00
<b>(654) Desprazamentos</b>	
Desprazamentos Hoteis organización e ponentes	7.200,00
<b>(625) Primas seguros</b>	
Seguro Responsabilidade Civil	1.604,38
<b>Total orzamento</b>	<b>224.500,00 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **46.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 20,48998%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 20,48998% da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgúnha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicalemente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Cultural unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Cultural, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referíránde exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo



órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Cultural para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural na documentación aportada.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Cultural deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Cultural destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**


**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asociación Cultural, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbihdas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Correspondelle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a



distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Rallye Rías Altas para cofinanciar a organización da X Edición do Rallye Rías Altas Histórico**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.- Aprobar o convenio co Club Rallye Rías Altas**, correspondente á subvención nominativa, por importe de **15.000 €**, concedida para **cofinanciar a organización da X Edición do Rallye Rías Altas Histórico**, cun orzamento subvencionado de 80.800,00€, de acordo co texto que se achega.

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrenza, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de decembro de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.**

**"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Rallye Rías Altas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a organización da X Edición do Rallye Rías Altas Histórico.**


Na Coruña, a

**REUNIDOS**

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Club Rallye Rías Altas**.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e



recoñecéndose recíprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que o **Club Rallye Rías Altas** é unha entidade adicada ao fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Rallye Rías Altas** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Club Rallye Rías Altas** co NIF G70511415, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a **organización da X Edición do Rallye Rías Altas Histórico**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Club Rallye Rías Altas.

O **Club Rallye Rías Altas** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Aluguer de salas para Dirección de Carreira, Prensa, C.Deportivos e Oficina Permanente; Servizos de Ambulancias, coches de rescate e guindastres	28.600,00 €
Dereitos de calendario, Servizos de xestión de inscripción, Servizos de Vixiancia e Seguridade; Servizos de Imprenta, rotulación e megafonía	13.700,00 €
Seguro da proba e do personal voluntario	13.500,00 €
Reportaxes audiovisuais e promoción da proba	8.000,00 €
Hoteis e comidas de comisarios técnicos e deportivos, personal de dirección de Carreira	4.000,00 €
Trofeos e agasallos para deportistas premiados polos seus resultados	2.500,00 €
Manutención e desprazamentos de persoal voluntario, e de prestación de servizos das entidades de voluntarios de Protección Civil	10.500,00 €
<b>Total</b>	<b>80.800,00 €</b>



### **III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **15.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **18,5643%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **18,5643%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumplimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**


1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Rallye Rías Altas**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Rallye Rías Altas**, nin con calquera outra na que concorra alguma das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Club Rallye Rías Altas** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicalemente.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.



2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Rallye Rías Altas**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Rallye Rías Altas** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Club Rallye Rías Altas**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Rallye Rías Altas** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Club Rallye Rías Altas** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación



aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Rallye Rías Altas** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Rallye Rías Altas**.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O **Club Rallye Rías Altas** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O **Club Rallye Rías Altas** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.


**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Rallye Rías Altas** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Rallye Rías Altas** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Rallye Rías Altas** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obligación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Rallye Rías Altas** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Rallye Rías Altas** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII- Vixencia do convenio, prorroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Rallye Rías Altas**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso



de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Correspondenlle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

#### **6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) para financiar a Adquisición dun local para sede de ASPERGA e o correspondente convenio de colaboración.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 300.000,00 €, á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) para financiar a *Adquisición dun local para sede de ASPERGA*, cun orzamento subvencionado de 375.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atopápanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.



Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Xuventude, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 4 de decembro de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición dun local para sede de ASPERGA**

Na Coruña a

### **REÚNENSE**

Don/a ..... en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ..... en representación da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA)

### **MANIFESTAN**

1.- O artigo 5 dos estatutos da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) establece, entre otros como uns dos seus fins principais da entidade:

a) Promover o ben común e a autonomía e prevención da dependencia das persoas autistas (con Trastorno do Espectro do Autismo, TEA) sen discapacidade intelectual nin deterioración significativa da lingua acompañada cun grao de apoio 1 ou 2, avaliado polo equipo técnico de ASPERGA, a través de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais e deportivas, laborais, formativas para a autorrepresentación, orientación e formativas en xeral, así como outras accións consideradas de interese para tales fins.

b) En xeral, crear, organizar e patrocinar centros de diagnóstico e detección temperá de TEA, atención especializada sanitaria e social, terapia psicolóxica individual e en grupo, pedagogoxía, logopedia e terapia ocupacional, educación e formación para docentes e profesionais, orientación socio laboral e unidades de captación para o emprego, protección á discriminación e o acoso, e calquera outra actuación coherente cos fins.

2.- Para poder prestar estes servizos a entidade precisa mercar un local axeitado ás características das persoas con TEA.


Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA), ambas as dúas partes

### **A C O R D A N**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA), NIF G70043435,



para o cofinanciamento da *Adquisición dun local para sede de ASPERGA*, cuxos bens inmobles se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DA FINCA: Avenida de Oza, nº 240, planta baixa

REFERENCIA CATASTRAL: 9602401NJ4090S0002FM

INSCRICIÓN REXISTRAL:15024000145105

DENOMINACIÓN DA FINCA: Avenida de Oza, nº 240, piso primeiro, local A

REFERENCIA CATASTRAL: 9602401NJ4090S0010LT

INSCRICIÓN REXISTRAL:15024000159751

DENOMINACIÓN DA FINCA: Avenida de Oza, nº 240, piso primeiro, local B

REFERENCIA CATASTRAL: 9602401NJ4090S0011BY

INSCRICIÓN REXISTRAL:15024000320434

DENOMINACIÓN DA FINCA: Avenida de Oza, nº 240, piso primeiro, local D

REFERENCIA CATASTRAL: 9602401NJ4090S0013XI

INSCRICIÓN REXISTRAL:15024000159720

## **II.- Orzamento para a adquisición.**

Segundo o informe de valoración que se achegou pola Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) , o orzamento máximo para a adquisición ascende a 375.000,00 €.

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

**2.-** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

**4.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**5.-** A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Na súa condición de adquiriente, corresponderalle á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) , nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe da adquisición supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmoble, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben, a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmoble, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) e acreditación da inscripción rexistral a prol de dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumplir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía.



## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberán estar realizada alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

**2.-** Unha vez realizada a adquisición, a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) na documentación achegada.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,



tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) poderá ser esolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.


**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de atraso na adquisición do inmoble ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería



de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Galega de Asperger (ASPERGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prorroga ou modificación.**

**1.-** O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asociación Galega de Asperger (ASPERGA), realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.


**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) para financiar a Adquisición dun local para servizos de prevención da**



**dependencia e promoción da autonomía persoal e o correspondente convenio de colaboración.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 261.360,00 €, á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) para financiar a *Adquisición dun local para servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal*, cun orzamento subvencionado de 326.700,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Xuventude, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 4 de decembro de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición dun local para servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal**

Na Coruña a

### **REÚNENSE**

Don/a ..... en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ..... en representación da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES)

### **MANIFESTAN**

**1.- O artigo 4 dos estatutos da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) establece como obxecto da entidade o benestar das persoas con T.E.A., a través de actividades asistenciais,**



educativas, recreativas, culturais, deportivas, laborais e formativas, mediante a promoción, creación, organización ou patrocinio de centros de diagnóstico e avaliación, unidades de atención especializada e experimentación, centros de terapia, residencias, centros de día, centros ocupacionais, centros de emprego e outros.

Para poder prestar estes servizos a entidade precisa mercar un local axeitado ás características das persoas con TEA.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES), ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES), NIF G15048937, para o cofinanciamento da *Adquisición dun local para servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal*, cuxo ben inmoble se describe de seguido:

**DENOMINACIÓN DA FINCA:** Rúa José Pascual López Corton, 2 1º Oficina 1

**REFERENCIA CATASTRAL:** 7985302NH4978N0015ZU

**INSCRICIÓN REXISTRAL:** 15019000867850

### II.- Orzamento para a adquisición.

Segundo o informe de valoración que se achegou pola Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES), o orzamento máximo para a adquisición ascende a 326.700,00 €.

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **261.360,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

**2.-** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmoble e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrerais.

**4.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



**5.-** A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Na súa condición de adquiriente, corresponderalle á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.** Se o importe da adquisición supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmóvel, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1. A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmóvel, expedida polo órgano competente.
- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) e acreditación da inscrición rexistral a prol de



dita entidade, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumplir a cláusula V.2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía.

## 2. Documentación acreditativa da posta en marcha do servizo ao que vai destinado:

- Permiso de inicio de actividades.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta punto 1 antes do 31 de marzo de 2025.

2. A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá achegar xustificación documental de ter posta en marcha o servizo ao que vai destinado antes do 30 de decembro de 2025. De non facelo, tería que proceder ao reintegro da subvención por incumprimento do obxectivo previsto segundo o artigo 37.1, letra b da Lei Xeral de Subvencións.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorridos estes derradeiros prazos sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) na documentación achegada.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura



deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditarán do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) poderá ser escoelta pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de atraso na adquisición do inmóvel ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 xaneiro de 2026**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES), realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO


O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 279.516,54 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrenza, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Xuventude, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 4 de decembro de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**



**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas ano 2024**

Na Coruña, a

**REUNIDOS**

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Carballo.

**EXPOÑEN**

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade de Condutas Aditivas, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Régime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Régime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con NIF: P1501900C, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2024*.

**II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.**

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>1.- Gastos de persoal</b>	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	169.709,50
1.2. Seguridade Social	54.307,04
1.3. Gastos de formación do persoal	1.000,00
1.4. Gastos de viaxe	500,00
<b>2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios</b>	
2.1. Produtos farmacéuticos	2.000,00



2.2. Material sanitario de consumo	8.000,00
<b>3.- Outros aprovisionamentos</b>	
3.1. Combustibles	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.500,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
<b>4.- Servizos exteriores</b>	
4.1. Servizos de profesionais independentes	35.500,00
4.2. Limpeza	4.500,00
<b>5.- Prensa, revistas, libros</b>	
<b>TOTAL DO GASTO</b>	<b>279.516,54</b>

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 10,73282 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 10,73282 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.



Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Concello de Carballo, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2023.

\* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2024**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

\* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

*Segundo prazo*, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.



## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser esolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obliga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude do Concello de Carballo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.



**3.- Correspondelalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.**

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

(O Sr. Rey Martínez entra no Salón de plenos).

**9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade de A Coruña para cofinanciar o proxecto "Unidade de Atención á Diversidade" no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 25.000,00 €, á Universidade da Coruña para cofinanciar o proxecto “Unidade de atención á diversidade, cun orzamento subvencionado de 31.250,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de decembro de 2024.


**3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.**

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “Unidade de atención á diversidade”**

Na Coruña, a

**REÚNENSE**

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.



Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

## EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

- \* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- \* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- \* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que o Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión do 14 de outubro de 2024, aprobou a solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC do proxecto “Unidade de atención á diversidade”.


Que a UDC a través das Vicerreitorías de Igualdade e Diversidade e Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social leva a cabo distintas accións dirixidas a persoas con discapacidade ou necesidades especiais con público obxectivo diferenciado.

Que a Unidade de Atención á Diversidade (ADI) dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade atende a persoas da comunidade universitaria de colectivos que teñen unhas necesidades específicas que requiren de un maior acompañamiento e atención. A Unidade ADI diríxese, polo tanto, ao conxunto de estudiantado, profesorado e persoal de administración e servizos. O seu cometido principal é o de facilitar a plena inclusión e equidade do estudiantado e profesorado que, por razóns físicas ou psíquicas experimentan dificultades ou barreiras externas a un acceso equitativo, igualitario e participativo na vida universitaria.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación e a transferencia do coñecemento, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecientes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes



## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do proxecto “Unidade de atención á diversidade”.

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.


A Unidade de Atención á Diversidade (ADI) dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade atende a persoas da comunidade universitaria de colectivos que teñen unhas necesidades específicas que requieren de un maior acompañamento e atención.

As liñas xerais de intervención da ADI son:

- Asesoramento e sensibilización de toda a comunidade universitaria sobre os dereitos, as vivencias e as necesidades das persoas con discapacidade.
  - Atención individualizada, acompañamento, prestación de axudas técnicas e establecemento de redes de intercambio de información e apoio mutuo tanto coas persoas como co tecido asociativo ou organizacións relevantes nestes eidos.
  - Eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas, burocráticas e de comunicación en tódolos campus da Universidade da Coruña.
  - Promoción dos dereitos da comunidade universitaria, con especial interese polos colectivos ou grupos que sofren de maior discriminación e vulnerabilidade.
  - Formación en temas relacionados coa inclusión na universidade.
  - Accións que fomenten a eliminación de todo tipo de violencias e discriminacións na universidade.
  - Establecemento de redes de colaboración na atención á diversidade mediante convenios con outras universidades, organismos gobernamentais e non gobernamentais, etc.
- Servizo de asistencia persoal para unha persoa con un 66% de discapacidade psíquica matriculada nun grao da Universidade.
- Programa de formación para apoio á inclusión de persoas con discapacidade.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Compras de bens destinados á actividade	500,00
Contratacións externas	23.620,00
Primas seguros	180,00
Soldos e salarios e Seguridade Social	6.250,00
Desprazamentos	700,00
<b>Total</b>	<b>31.250,00 €</b>



### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**5.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.



2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

#### **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



**4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.**

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto



nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.,.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da UDC, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

#### **10.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Universidade da Coruña para cofinanciar os Proxectos First Lego League Nacional e Green Power no ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 48.000,00 €, á Universidade da Coruña para cofinanciar os Proxectos "First Lego League Nacional" e "Green Power", cun orzamento subvencionado de 60.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 5 de decembro de 2024.

**3-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o



correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos Proxectos First Lego League Nacional e Green Power”**

Na Coruña, a

**REÚNENSE**

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

**EXPOÑEN**

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

- \* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- \* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- \* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que o Consello de Goberno desta Universidade, na súa sesión do 14 de outubro de 2024, aprobou a solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC dos Proxectos First Lego League Nacional e Green Power.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión entre a sociedade galega das actividades culturais e do coñecemento científico desenvolvido na Universidade, polo que vén promocionando dende hai tempo actividades de divulgación científica e cultural.

Que a comunidade da UDC, nos seus campus da Coruña e de Ferrol, goza dunha vida cultural dinámica grazas a unha programación de actividades singulares de carácter anual e cuadrienal de ampla tipoloxía. Para além de impulsar por medio desta oferta a creación de redes de implicación e participación entre todos os membros da comunidade universitaria, un dos obxectivos fundamentais da política cultural da UDC é acadar a participación do resto da sociedade a través de diversas accións culturais e científicas chegando, na medida do posible, a toda a provincia da Coruña.

O Campus de Ferrol foi seleccionado como sede a nivel nacional para a realización da First Lego League Nacional, e a Escola Politécnica foi nomeada Centro de Excelencia Green Power en España para Galicia e arredores polas súas labores de organización e coordinación do proxecto Green Power cos centros educativos da comunidade.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a



programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial dos **Proxectos First Lego League Nacional e Green Power**.

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación:

**A- First Lego League Nacional:** trátase dun evento no que se espera que participen unhas 1.500 persoas. Rapaces e rapazas vencedores das competicións autonómicas de toda España acudirán ao encontro organizado no Campus de Ferrol onde competirán entre eles para facerse co trofeo nacional. Avaliarase a cada equipo por:

- Proxecto de innovación: cada equipo desenvolve un proxecto de innovación relacionado coa temática que corresponda. Este proxecto presentase ante os xuíces do evento.
- Xogo do robot: terán que construir e programar un robot de LEGO que sexa capaz de resolver o máximo de desafíos posibles.
- Core Values. Avaliarase aos equipos tamén polas súas habilidades e relacións sociais.

Para poder organizar estas actividades, na anualidade 2024 comezarase coa difusión do evento. Será necesario deseñar unha páxina web do evento e tamén contar con persoal para o mantemento da mesma e para as redes sociais, así como os elementos que componerán a imaxe corporativa do evento.

**B- Proxecto Green Power:** a fase I deste proxecto estase a desenvolver no ano 2024. Os obxectivos desta fase son os seguintes:

-Desenvolvemento na Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol (EPEF) dun vehículo a partir do kit de Greenpower e en paralelo deseñar e montar outro vehículo desde cero. O deseño do vehículo completo e as melloras desenvolvidas estarán dispoñibles para os centros de educación secundaria e formación profesional.

-Participar en carreiras nacionais e internacionais.

-Fomentar o desenvolvemento de actividades formativas arredor do vehículo en materias dos graos, mestrados, traballos fin de grao e traballos fin de mestrado, así como en formación profesional, secundaria e bacharelato.

-Colaborar coa implementación de equipos en centros de formación profesional e de secundaria. Para elo crearase un grupo de traballo cos centros interesados para establecer vías de colaboración, analizar as problemáticas que poda ter cada un dos



centros interesados, buscar fontes de financiamento e compartir experiencias. A EPEF aportará a asistencia técnica e formativa necesaria e facilitará o acceso aos medios disponibles na UDC para facilitar as tarefas aos distintos centros.

-Organizar un evento de visibilización do proxecto.

A partir da experiencia adquirida na fase I, nesta anualidade realizarase a fase II cuxos obxectivos son os seguintes:

- Estender o proxecto a outros centros de FP e institutos de educación secundaria da comunidade.
- Realizar unha ou varias carreiras dentro do calendario de GreenPower Iberia.

## **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

Compras de bens destinados á actividade	12.500,00
Arrendamentos e canons	3.400,00
Primas seguros	600,00
Publicidade, propaganda e relacóns públicas	24.400,00
Soldos e salarios e Seguridade Social	12.000,00
Desprazamentos	7.100,00
<b>Total</b>	<b>60.000,00 €</b>

## **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **48.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**5.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



#### **IV.- Contratación e execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as consecuentes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seral le abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de fazer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das



actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



## X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escoileita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

**1.-** O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.,

## XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da UDC, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.


**2.-** A interpretación das dúbihdas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Ponteceso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de abastecemento e saneamento de Lestimón, ata o 31 de decembro de 2026.**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Ponteceso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de abastecemento e saneamento de Lestimoño, ata o 31 de decembro de 2026, dado que áinda non remataron as obras provinciais.**

**2º.- Condicionar a aprobación da prórroga a que o concello acredite a existencia de crédito para cumplir co convenio."**

**12.- Aprobación inicial polo Pleno da segregación e cesión gratuita da superficie de 728,36 metros cadrados do predio matriz con referencia catastral 15069A076011460000PD, que esta Deputación Provincial posee en Balarés-Ponteceso, a favor do Concello de Ponteceso**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

**"1.- Aprobar inicialmente polo Pleno a segregación e cesión gratuita da superficie de 728,36 metros cadrados do predio matriz con referencia catastral 15069A076011460000PD, que esta Deputación Provincial posee en Balarés- Ponteceso, a favor do Concello de Ponteceso, nas seguintes condicións:**

a) A descripción da superficie cedida é a seguinte:


Epígrafe 1.1- Inmobilés.

Natureza xurídica: Patrimonial.

Adquisición: Título adquisitivo: Adquisición mediante compra a Eduardo Valdés Parga, ante o Notario da Coruña Víctor José Peón Rama en data 21 de xuño do 2019, protocolo número 1235/2019, de acordo coa Resolución 2019/19082 de data 31 de maio do 2019 "POLA QUE SE ADXUDICA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROso DUNHA FINCA EN BALARÉS (CONCELLO DE PONTECESO) POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA".

Desafectada en virtude do acordo Plenario de data 28 de xuño do 2024 de aprobación de expediente de alteración de cualificación xurídica.

Lindeiros: Norte, predio número 38 da Deputación Provincial; Sur, camiño de servizo ás



casas e ao monte en medio da parcela número doce; Leste, predio número 38 da Deputación Provincial, Oeste, estrada da Deputación.

Información rexistral: Non consta.

Superficie: Superficie terreo: 728,36 metros cadrados.

Valoración económica: 2.387,77 euros.

Referencia catastral : Non consta.

b) O Concello de Ponteceso destinará o terreo cedido aos usos públicos referidos no prazo de 5 anos desde o acordo do cesión, debendo manter o destino durante os 30 anos seguintes, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumplimento, de conformidade e coas consecuencias establecidas no artigo 111 do RBEL.

c) Non poderá existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins establecidos na letra anterior, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumplimento, de conformidade e coas consecuencias dispostas no citado artigo 111 do RBEL. No caso de que os bens cedidos orixinen algúun tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña.

d) Todos os gastos e impostos a causa da presente cesión serán custeados polo Concello de Ponteceso, incluídas todas as actuacións administrativas, escrituras públicas e inscripcións rexistrais que se precisen con carácter previo para regularizar a titularidade das propiedades cedidas. Do mesmo xeito, todos os tributos e gastos que devindique a propiedade a partir da formalización da presente cesión serán custeados polo Concello de Ponteceso.

2.- Expoñer o citado expediente de cesión gratuita de bens a información pública por plazo de 15 días a contar desde a publicación no BOP, a efectos de reclamacións, e, en caso de ausencia das mesmas, aprobar definitivamente o expediente sen necesidade de nova aprobación polo Pleno.

3.- Modificar o Inventario aos efectos oportunos.

4.- Facultar ao Presidente da Deputación para a execución do presente acordo.

5.- Comunicar á Xunta de Galicia a aprobación do presente expediente.

6.- Formalizar a correspondente acta de recepción no momento oportuno."

**13.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado.**

### **VOTACIÓN**


Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:



**"1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e do Concello de Fisterra polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**1º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**2º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Fisterra** polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado, cunha achega provincial de **200.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/4312/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **38,97616 %** respecto dun orzamento de **513.134,13 euros**.

**3º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

#### ANEXO

#### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "MERCADO CULTURAL" ADAPTACIÓN PARA CENTRO CULTURAL DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL DE FISTERRA 2º MODIFICADO**

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

#### REUNIDOS


Dunha parte, D. \_\_\_\_\_ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. \_\_\_\_\_ o/a representante do Concello de **Fisterra**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

#### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.



A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Fisterra** considera de primeira necesidade as obras do "**Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*"... que o Concello de Fisterra é un dos poucos concellos da provincia de A Coruña que non conta cunhas instalacións propias para desenvolver actividades e manifestacións de promoción, dinamización, divulgación, ocio e lecer no eido da expresión cultural e artística, así coma outras actividades das que o conxunto da veciñanza de Fisterra puidera beneficiarse. Sendo o único da comarca da Costa da Morte que non dispón dun centro destas características.*

*Trátase dunha eiva histórica que, ao longo de décadas, vén condicionando a posta en marcha e desenvolvemento de programas de acción cultural, da promoción da cultura, artística, teatral, conferencias, etc, nomeadamente aquelas vinculadas coa forza simbólica que a transmisión oral e os costumes desta vila e Concello teñen en relación co mundo cultural mariñeiro galego e atlántico.*

*Cando Fisterra conta cunha importante tradición oral mariñeira. Unha rica escolma de creadores literarios e artísticos. Manifestacións do patrimonio cultural relixioso e da peregrinación como lugar do fin do camiño Xacobeo. Caracterizándose esta vila e Concello por unha profusa actividade cultural con implicación de toda a súa veciñanza, destacando festas xa asentadas coma o Entroido, o irmanamento do desembarco Pirata, ou a presenza de actos con premios noveis e referentes científicos mundiais. Moitos destes actos vense relegados ao seu desenvolvemento e celebración nun Salón de Plenos da Casa Consistorial, que nin está concibido para os mesmos, nin equipado co mínimo de medios técnicos necesarios, así como presentar un aforo moi reducido.*

*Fisterra necesita hoxe unhas instalacións modernizadas e o suficientemente dotadas para favorecer a participación e implicación da súa veciñanza e as e os seus visitantes en todo tipo de promoción de actividades culturais e da expresión artística, foros, debates, etc.*

*Dada a especial vinculación deste Concello co "universo" mariñeiro, e tendo en conta que na actualidade o propio Concello conta cun edificio destinado a mercado de abastos, basicamente de produtos do mar, de dúas plantas, e que se*



*atopa infrautilizado, e con importantes problemas de conservación e mantenento, que precisan dunha urgente reparación e restauración, así coma dunha profunda modernización e renovación para facerse máis atractivo coma elemento fundamental para o desenvolvemento do tecido económico da vila, resulta preciso acometer unha necesaria intervención pola que se melloren e arranxen ditas instalacións, así coma unha nova reformulación na reordenación e optimización do seus espazos e usos..."*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Fisterra** ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Fisterra con CIF P1503800C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de "Mercado Cultural" Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra 2º Modificado, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira Nº COAG 1542 asinado o 28 de decembro de 2022


2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	356.367,89 euros
Gastos xerais 13,00%+ Beneficio Industrial 6,00 %	67.709,90 euros
IVE (21%)	89.056,34 euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>513.134,13 euros</b>



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **38.97616 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **38.97616 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4312/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o



procedimento aberto ou procedimento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramate e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación da colocación do **cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**,



unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dillixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dillixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadco co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de



desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto



nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende o 28 de abril de 2023 e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Así mesmo, producirá tamén efectos retroactivos dende o 28 de abril de 2023 para a súa xustificación. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do **30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditarse a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta



circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**14.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**2º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Boimorto** para cofinanciar as obras do **proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto** cunha achega provincial de **83.320,47 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **0112/23121/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **13,79 %** respecto dun orzamento de **604.150,59 euros**.

**3º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

## ANEXO

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO: AMPLIACIÓN DE CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA EN BOIMORTO.**

Na Coruña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024, na sede da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. \_\_\_\_\_, Alcalde Presidente do **Concello de Boimorto**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.



A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Boimorto considera de primeira necesidade


*“... Esta edificación ,como consecuencia da demanda de prazas que hai na contorna, está en proceso de mellora e optimización dende a súa construcción no 2011. Na súa Inauguración en Marzo de 2011, constaba de 53 prazas, nas que 23 prazas mías unha de enfermería que pertencían á residencia e 30 ao Centro de día. No ano 2014 comezan as obras de transformación de salas de convivencia en prazas de residencia o que trae consigo unha redución de prazas para o centro de día. De este xeito tiñan 29 prazas e unha de enfermería para a residencia e 30 de Centro de día. No 2017 amplíase o edificio para acoller 10 prazas de residencia mais, con 5 cuartosdobres quedando así 37 prazas e 3 de enfermería en residencia pero se reduce as prazas de centro de día para 15. No 2019 amplíase o edificio para unha nova sala de convivencia ( por falta de espazos comúns) para ampliar as prazas de centro de día. Quedando 38 prazas e 2 de enfermería na residencia e 20 no centro de día. No 2021 colócanse placas fotovoltaicas e dúas bombas de calor. No 2022 realizase parte da renovación da fachada principal con fachada ventilada cerámica.*

...

*Preténdese ampliar o edificio que alberga o Centro de día e a miniresidencia de Boimorto, para ampliar a capacidade da Miniresidencia en 14 prazas, distribuídas en 5 dormitoriosdobres, 3 simples e unha de enfermería; o que a deixaría nun total de 52 prazas mais 2 de enfermería na residencia e 20 prazas no centro de día...”*

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as **obras proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto**”, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...Na actualidade seguimos tendo moita demanda de prazas de residencia contando cunha lista de espera que non deixa de ir en aumento. A día de hoxe hai máis 50 persoas na mesma. De estes 50, o 80% presentan gran necesidade de ingreso debido a súa situación socio-familiar ou ben ao seu grao elevado de dependencia e a imposibilidade de obter unha atención e cuidados axeitados polo illamento social, por incompatibilidade horaria do cuidador principal, por falta de recurso e/ou por non ter, as súa vivenda principal as condicións de habitabilidade e adaptabilidade que precisan polas súas condicións físicas, cognitivas e de saúde...”*



Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Boimorto** ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Boimorto**, con CIF P1501000B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “**obras proxecto: Ampliación de centro de día e miniresidencia en Boimorto**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **arquitecto Isidro López Yañez, número** colexiado 2.261.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

<b>Orzamento execución material:</b>	<b>407.393,28 €</b>
<b>Gastos Xerais (13%):</b>	<b>52.961,13 €</b>
<b>Beneficio Industrial (6%)</b>	<b>24.443,60 €</b>
<b>IVA (21%)</b>	<b>101.807,58 €</b>
<b>Honorarios redacción proxecto</b>	<b>14.500,00 €</b>
<b>IVA (21%)</b>	<b>3.045,00 €</b>
<b>Orzamento de licitación:</b>	<b>604.150,59 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña finanziará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **83.320,47** euros o que representa unha porcentaxe de **13,79 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **13,79 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/23121/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.


#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes



emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.


## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do**



**recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboad co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obligas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa



Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNNS.**

1. O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)


4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non



presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_ "

**15.- Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2025 ata o día 31 de decembro de 2025.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2025 ata o día 31 de decembro de 2025. A liquidación correspondente ao ano 2024 presentarase antes do 31 de marzo do 2025. O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2026, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.



2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de 500.000,00 euros, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

Os custes de programación ata un máximo de 350.000,00 euros serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/22609.

Os custes de mantenemento das instalacións que ascenden ata un máximo de 150.000,00 euros serán imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/212.

Os custes por programación propia que teña que asumir a Deputación se imputarán á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699.

3º.- Condicionar a eficacia do convenio á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2025.

## ANEXO

### **PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN PARA O ANO 2025**

No Pazo Provincial de A Coruña, a de decembro de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña,

#### **REUNIDOS:**

Don/Dona \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/Dona \_\_\_\_\_, en representación do Concello da Coruña e do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante IMCE).

#### **EXPOÑEN:**

A Deputación da Coruña adquiriu no ano 1997 o Teatro Colón, espazo cultural integrado no Pazo Provincial, que despois da súa rehabilitación integral e equipamento necesario, foi aberto novamente ao público o 5 de decembro de 2006, cun concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Unha vez rehabilitado e equipado, o Pleno decidiu regulamentar as prestacións de carácter sociocultural co carácter de servizo público provincial, acordando asemade a forma de xestión indirecta do dito servizo mediante diversos contratos de concesión administrativa, finalizando o último no mes de maio de 2017.

Logo de finalizar a concesión, dende o Goberno da Deputación promoveuse un novo período de xestión coa idea de manter un espazo cultural enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade.

Por iso, estimouse necesario continuar coa prestación desta actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a ciudadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución, sabendo asemade que a promoción da cultura e a potenciación do galego coma a lingua propia de Galicia son obrigas de todos os poderes públicos de Galicia, segundo o disposto no artigo 5.3 e 27.19 do noso Estatuto de Autonomía.



Agora ben, tamén desde este Goberno houbo conciencia de que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos, especialmente cos de menos de 20.000 habitantes, para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos en todo o territorio, correspondéndolle máis ben esta actividade cultural ao ámbito estritamente municipal, ao seren as persoas residentes na cidade as principais usuarias deste espazo.


Por tal razón, e co obxecto de integrar o teatro na rede de espazos culturais do Concello da Coruña, cuxa xestión corresponde ao IMCE, con datas do 13 de xuño de 2018, do 14 de agosto de 2020 e do 30 de novembro de 2020, foron subscritos diferentes convenios de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos para a xestión compartida do Teatro Colón. O anterior convenio finaliza a súa vixencia o 31 de decembro de 2021, asinándose un novo convenio o 29 de decembro de 2021 cunha duración dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o día 31 de decembro de 2023, podendo ser prorrogado anualmente por dous anos máis. O convenio formalizouse en documento número 104/2021.

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de Dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con suxección ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

O obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determinase nos seguintes apartados:

- a) Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.
- b) Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.
- c) Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.
- d) Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.
- e) Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.
- f) Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.
- g) En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

Compre salientar que a experiencia ao longos destes dous anos de xestión compartida resultou moi positiva pola calidade da programación, cunha alta asistencia de público aos espectáculos programados, e unha valoración moi favorable tal como se reflicte nas enquisas realizadas, en colaboración coa Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.



Asemade a coordinación entre as dúas institucións desenvolveuse nun clima de total colaboración e axuda mutua.

Á vista desta experiencia e aínda que no momento actual a situación causada pola pandemia do Covid 19 supón unha situación de incertidume económica en moitos ámbitos, a Deputación e o Concello apostan, especialmente nestes momentos, polo máximo apoio á cultura e aos seus axentes en todas as súas manifestacións, para as que o Teatro Colón é un referente a nivel galego.

Tendo en conta o anterior, e o funcionamento do teatro durante o convenio asinado o 29 de decembro de 2021 (cunha vixencia do 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro de 2023), ambas as dúas institucións consideraron do maior interese continuar na liña de colaboración iniciada, polo que acordaron asinar a prórroga do convenio de cooperación o 28 de decembro de 2023, formalizándose en documento administrativo número 119/2023 e novamente procédese a tramitación dunha segunda prórroga para o ano 2025.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertencente ao Concello da Coruña, por medio do cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades a desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da Provincia e ás entidades sen ánimo de lucro.

### **SEGUNDA.- A programación e contratación dos espectáculos e actividades.**


1.- Correspondelle ao IMCE, con medios persoais propios ou, no seu caso, contratados con empresas especializadas, a programación das actividades a desenvolver no Teatro Colón, procurando que as accións programadas estean perfectamente coordinadas coas que se teña previsto desenvolver nos teatros e recintos de espectáculos municipais, garantindo que os contidos sexan acordes cos valores e principios constitucionais, promovendo especialmente a cultura galega e potenciando o galego, como lingua propia de Galicia.

2.- Na súa condición de administración xestora, correspóndelle ao IMCE o outorgamento de todos os contratos coas empresas de espectáculos, seguíndose para tal efecto a lexislación vixente en materia de contratación pública.

3.- Unha vez celebrado o espectáculo, a empresa contratista deberá presentar a factura correspondente ó IMCE, quien asumirá a responsabilidade de proceder a súa tramitación e pagamento nos prazos establecidos na lexislación vixente.

### **TERCEIRA.- Comisión de seguemento.**

1.- Co fin de coordinar as actividades programadas, créase unha comisión de seguemento co carácter de órgano colexiado, presidida pola persoa deputada responsable en materia de cultura e integrada polos seguintes membros:



- a) Por parte da Deputación da Coruña, ademais da persoa deputada titular da delegación de competencias na materia de cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Acción Sociocultural e unha persoa deputada nomeada pola Presidencia da Deputación.
- b) Por parte do Concello da Coruña, a persoa titular da Concellería de Cultura ou a persoa que designe a presidenta do IMCE, e dous membros máis designados polo Consello reitor do IMCE, entre os que estará a persoa directamente responsable da programación.
- c) Sen prexuízo da composición regulada nas dúas letras anteriores, poderán ser convocados ás sesión aquelas persoas que, por mor das súas responsabilidades de xestión ou funcións técnicas, teñan relación co mantemento do inmoble ou co desenvolvemento das actividades programadas. En todo caso, serán convocadas as persoas que ostenten a titularidade da xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e do órgano interventor do IMCE e do órgano interventor da Deputación da Coruña.

2.- A comisión de seguimento, coa composición sinalada anteriormente, terá as seguintes atribucións:

- A. Seguemento das actividades programadas, a través da memoria anual de actividades e estudio de propostas e suxerencias de programación.
- a. Informar sobre as dúbidas de aplicación e interpretación das cláusulas do presente convenio, as modificacións que se propoñan durante a súa vixencia e os posibles incumplimentos que poidan dar lugar a resolución do convenio.
- b. Toma de coñecemento e informe da memoria de xestión e da liquidación de gastos e ingresos que presente a Presidencia do IMCE, consonte ao previsto na cláusula novena, a través da Memoria económico-financeira anual.
- c. Informe-proposta de orzamento para cada exercicio.
- d. Informe sobre as necesidades, así coma toma de coñecemento da Memoria técnica anual, na que se exporá o estado do inmoble e das instalacións.

3.- A comisión reunirase con carácter trimestral, para o exercicio das atribucións ás que se refire o apartado anterior, e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, a iniciativa de calquera dos seus membros, indicando expresamente os asuntos a tratar.


#### **CUARTA.- A publicidade e difusión das actividades programadas.**

1.- O IMCE levará a cabo, ben cos medios propios ou mediante a oportuna contratación, todas as accións publicitarias necesarias para dar a coñecer con suficiente antelación os espectáculos e actividades programadas no Teatro, agás as que se desenvolvan nos días reservados para a Deputación.

2.- A acción de comunicación e publicidade debe realizarse nos mesmos medios e con similares contidos ás que vén realizando o IMCE con respecto aos espectáculos e actividades que se desenvolven nos seus propios espazos culturais, debendo figurar na mesma o anagrama da Deputación Provincial, por ser a entidade titular do servizo público.

#### **QUINTA.- A xestión de públicos e cobro de entradas.**

1.- O IMCE realizará a xestión da venda de entradas para os espectáculos programados, utilizando os canles habituais para tal fin. Realizarase un seguimento contable dos



ingresos por venda de entradas que correspondan ao IMCE, a través da súa aplicación a un código de proxecto

2.- Para a cuantificación do importe das entradas o organismo xestor deberá aplicar criterios análogos aos aplicados no Teatro Rosalía de Castro e nos restantes espazos que está a xestionar.

3.- Nos días de reserva para a programación propia da Deputación resultará de aplicación a súa Ordenanza de prezos públicos, correspondendo á Xunta de Goberno desta entidade a fixación de posibles reducións sobre as tarifas máximas, consonte ao procedemento previsto naquela ordenanza. Unha vez fixados, serán notificados ao IMCE, para os efectos de que poida realizar a xestión recadatoria correspondente.

4.- O IMCE prestará á Deputación o seu servizo de tesourería para a recadación dos ingresos que xeren os espectáculos programados por ela, debendo transferir o importe resultante á conta que lle indique a Tesourería Provincial no prazo dos quince días seguintes á celebración de cada evento.

#### **SEXTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.**

1.- A Deputación resérvese ata un máximo de **TRINTA E SEIS días** anuais de uso do Teatro durante a vixencia do presente convenio para levar a cabo actividades de programación propia ou ben para ceder o uso do local a concellos da provincia e entidades non lucrativas, para a realización de espectáculos ou actividades de carácter cultural ou social.

2.- A fixación dos días concretos de utilización será acordada por resolución da presidencia da Deputación. En todo caso, a Deputación resérvese expresamente os días que se precisen para realizar actos conmemorativos en datas sinaladas no ámbito cultural de Galicia.


3.- Asemade, a Deputación sempre terá preferencia para o uso exterior do recinto para expor publicidade dos seus actos e actividades.

#### **SÉTIMA.- Obrigas das partes na xerencia, programación e mantemento do inmoble e das instalacións.**

##### **1.- Obrigas do IMCE:**

O IMCE comprométese a contratar e aboar os seguintes gastos:

- Persoal de xerencia do Teatro.
- Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
- Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
- Transmisión de eventos a través do sistema de vídeo streaming instalado pola Deputación.
- Difusión e publicidade dos espectáculos.



- Venda de entradas e persoal de sala.
- Limpeza do Teatro.
- Seguros dos espectáculos.

O IMCE comprométese a cuidar axeitadamente o inmoble, equipamento escénico e demais instalacións; non poderá realizar obras nin usar o recinto e as instalacións para fins non previstos no presente convenio.

As actuacións necesarias de reparación e simple conservación deberán ser postas en coñecemento do Servizo de Arquitectura da Deputación, debendo emitirse a correspondente memoria ao respecto con carácter previo a súa execución.

## **2.- Obrigas da Deputación:**

A Deputación comprométese a contratar e aboar os seguintes gastos:


- Mantemento de ascensores
- Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
- Mantemento de instalacións eléctricas
- Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
- Mantemento do equipamento escénico
- Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpintería, cerraxería.
- Subministro de auga e enerxía eléctrica.
- Instalación e mantemento dun sistema de transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
- Impostos e seguro de inmoble (continente e contido).
- Espectáculos e actividades de programación propia.
- Persoal de sala e taquilla, limpeza, afinación do piano, rider técnico, cuncha acústica, persoal de carga e desgarga, persoal técnico que precisen a maiores do persoal técnico do teatro e gastos de transmisión a través de vídeo streaming, **nos día de uso** por parte da Deputación, tanto nos de programación propia, como nos cedidos a un terceiro.

En relación cos investimentos, a comisión estudiará a posibilidade de adquisición dos mesmos en función das necesidades que xurdan.

No caso de que o IMCE teña contratos en vigor para a prestación dos servizos, poderase acudir ao modelo de contratación conxunta previsto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de tal xeito que a Deputación poida recibir o servizo directamente polos contratistas do IMCE.

## **OITAVA.- Financiamento dos gastos**

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 500.000,00 € anuais, de acordo coa seguinte distribución:



- **350.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación:** no que se inclúen os gastos de:
  - Persoa de xerencia do Teatro.
  - Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
  - Persoa de asistencia técnica de equipamento escénico.
  - Transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
  - Difusión e publicidade dos espectáculos.
  - Venda de entradas e persoal de sala.
  - Seguros dos espectáculos.
  - Limpeza do Teatro.
  
- **150.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento:** no que se inclúen os gastos de:
  - Mantemento de ascensores
  - Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
  - Mantemento de instalacións eléctricas
  - Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
  - Mantemento do equipamento escénico
  - Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpintería, cerraxería.
  - Mantemento do sistema de transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
  - Subministro de auga e enerxía eléctrica.

2.- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.


3.- A Deputación contratará e aboará os gastos derivados dos contratos de mantemento e subministración sinalados no apartado 2 da cláusula séptima.

### **NOVENA.- Pago.**

A Deputación aboará, con carácter anual, a súa aportación ao IMCE (apartado 2 da cláusula oitava), por importe de 350.000,00 €, en dous prazos:

- Primeiro: polo 50 % do importe máximo previsto na cláusula anterior á sinatura do presente convenio, co carácter de entrega a conta a xustificar.
  
- Segundo: polo importe da liquidación resultante, unha vez finalizado cada ano, previa presentación da seguinte documentación:

\* Memorias cultural, técnica e económica xa xestión realizada, informadas previamente informada pola comisión de seguimento.



\* Certificación do órgano interventor do IMCE na que conste a aplicación dos fondos recibidos ao obxecto do convenio.

\* Certificación do mesmo órgano con respecto aos ingresos obtidos pola venda de entradas que correspondan ao IMCE, liquidándose, de ser procedente, a diferenza do déficit xerado a percibir ata os importes máximos previstos no apartado anterior ou, se for o caso, o importe a reintegrar que proceda, se os ingresos obtidos tiveran financiado maior importe do 50 por 100 librado inicialmente.

\* Informe da Administradora do IMCE, conformado polo órgano interventor, dos ingresos recadados pola venda de entradas que non correspondan ao IMCE.

A liquidación correspondente ao ano 2022 presentarase antes do 31 de marzo do 2023, e a correspondente ao ano 2023, antes do 31 de marzo do 2024. A do ano 2025 antes do 31 de marzo de 2026.

#### **DÉCIMA.- Supervisión e inspección do inmoble por parte da Deputación.**

1.- A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura, poderá realizar actuacións de supervisión do estado do inmoble e das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable do Teatro con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

2.- No caso de apreciarse a necesidade de obras ou reparacións que excedan dos traballos de conservación e mantemento ordinario, serán contratadas directamente pola Deputación con cargo ao seu orzamento, non formando parte estes gastos dos custos de mantemento aos que se refire o apartado 2 da cláusula séptima.


3.- Asemade, corresponderalle ao Servizo de Patrimonio e Contratación a inspección do inmoble, dos mobles e das instalacións técnicas do mesmo, para o efecto de realizar o axeitado seguimento do Inventario da Corporación e proceder a aprobar as altas e baixas que poidan producirse.

4.- Tendo en conta que a unión do inmoble que se xestiona de forma compartida co Palacio Provincial nun mesmo edificio, corresponderalle á Deputación a realización dos labores de vixiancia e seguridade, nas mesmas condicións que as que se veñen realizando no propio Palacio Provincial, agás no interior do recinto.

#### **UNDÉCIMA.- Duración e vixencia.**

1.- O presente convenio ten por obxecto a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2025 ata o día 31 de decembro de 2025.

2.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2026, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.



## **DUODÉCIMA. Outras causas de resolución: posibles incumplimentos.**

- 1.- Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.
- 2.- No caso de incumplimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumplir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumplidos. Dito requerimento tamén será notificado a comisión regulada na cláusula terceira. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumplimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuzos causados.

## **DÉCIMO TERCERA.- Natureza xurídica.**

1.- O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de decembro de 2024.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

**16.- Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o segundo proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns", do Concello de Oza- Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0070.0, no que se acreditan os seguintes

### **ANTECEDENTES**



Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que se aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver que neste Plan figura o investimento denominado “Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrión”, do Concello de Oza-Cesuras, código 2021.2100.0070.0, que foi aprobado de forma condicionada á obtención da autorización da Administración de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), e que logo de que o concello presentase a documentación acreditativa da súa obtención, mediante Resolución de Presidencia 2023/8061 de 28 de febreiro de 2023, en relación coa Resolución 2023/13369 de 31 de marzo de 2023, aprobouse definitivamente

Logo de ver que o Concello de Oza-Cesuras adxudicou esta obra á empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L., por un importe de 158.447,08 €, e que posteriormente resolveu o contrato estando a obra totalmente pendente de executar.

Logo de ver que con data do 25 de marzo e do 10 de xuño de 2024, o dito concello presenta a través da Plataforma Subtel a documentación relativa ao primeiro proxecto modificado desta obra, sendo aprobado polo Pleno da Corporación da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 28 de xuño de 2024.

Visto que o Concello de Oza-Cesuras presentou un segundo proxecto modificado deste investimento, asinado o 25 de novembro de 2024 pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana Adelina López López, cun orzamento de contrata de **231.282,01 euros**, o que supón unha minoración de 12.840,09 € en relación co primeiro proxecto modificado cuxo orzamento ascendía a 244.122,10 €, asumindo o concello integralmente o incremento en relación co proxecto inicial, que foi redactado porque un tramo xa fora executado e considerouse oportuno realizar unha modificación do proxecto para excluír a sección de estrada previamente intervida, e que conta cun informe de supervisión favorable emitido polo dito Servizo, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado do investimento denominado “Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrión”, do Concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0070.0, asinado dixitalmente o 25 de novembro de 2024, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que foi redactado porque un tramo xa fora executado e considerouse oportuno realizar unha



modificación do proxecto para excluír a sección de estrada previamente intervida. O orzamento de contrata do proxecto modificado ascende a 231.282,01 €, o que supón unha minoración de 12.840,09 € en relación co primeiro proxecto modificado aprobado polo Pleno da Corporación da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 28 de xuño de 2024, incremento que é asumido integralmente polo concello, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Concello de Oza-Cesuras		PROXECTO ORIXINAL	PROXECTO MODIFICADO 1	PROXECTO MODIFICADO 2	DIFERENZA ORX/MOD 1	DIFERENZA MOD1/MOD2
"Aglomerado de vial do lugar de Velle ao lugar de A Raia (límite municipal). Parroquia de Borrifáns"	2021.2100.0070.0					
Deputación		152.384,80	152.384,80	152.384,80	0,00	0,00
Concello		15.019,41	91.737,30	78.897,21	+76.717,89	-12.840,09
Total		<b>167.404,21</b>	<b>244.122,10</b>	<b>231.282,01</b>	<b>+76.717,89</b>	<b>-12.840,09</b>

2.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos."

**17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento Liñares - San Salvador", do Concello da Baña, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0307.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Baña do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento Liñares - San Salvador", do Concello da Baña, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0307.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento no que se acreditan os seguintes

### **ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o



## seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do Concello da Baña conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Baña (A)	2022.2102.0307.0	Saneamento Liñares - San Salvador	177.843,57	0,00	177.843,57	-Autorización de Augas de Galicia- Vertidos. -Acreditación da disponibilidade dos terreos

Logo de presentar o Concello da Baña a autorización de Augas de Galicia-Vertidos do 22 de novembro de 2022, que ten unha vixencia de 5 anos, e de aprobar un proxecto técnico modificado deste investimento, que ainda non está adxudicado, asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro, o 26 de novembro de 2024, cun orzamento de contrata de 177.843,57 € idéntico ao inicialmente aprobado que se modifica para a eliminación da EDAR proyectada e a conexión coa rede existente, e que co aforro que supón esta eliminación, efectúa a canalización, en previsión dunha futura conexión, da tubaxe abastecemento ata o núcleo de Liñares

Tendo en conta o Informe técnico xurídico sobre a disponibilidade dos terreos asinado dixitalmente polo técnico autor do proxecto, Pablo Blanco Ferreiro e a secretaría do concello, Olga Dourado González, os días 21 e 26 de novembro de 2024, respectivamente, onde se acredita a disponibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra.


Visto o informe técnico asinado polo autor do proxecto, Pablo Blanco Ferreiro, onde indica que as autorizacións concedidas son válidas para este proxecto modificado e o informe de supervisión favorable emitido o 27 de novembro de 2024 polo Servizo de AsistenciaTécnica a Municipios desta deputación

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento Liñares - San Salvador”, do Concello da Baña, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0307.0, cun orzamento de contrata de 177.843,57 €, que foi aprobado de forma condicionada á Autorización de Augas de Galicia- Vertidos e a acreditación da disponibilidade dos terreos e que polo tanto, ainda non está adxudicado. Este proxecto modificado foi aprobado polo órgano municipal competente, conta cos informes técnicos e xurídicos favorables e coas autorizacións necesarias para a súa execución, así como co informe de supervisión favorable emitido o 27 de novembro de



2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, sen variación nin do seu obxecto nin finalidade, nin tampouco do seu orzamento, áínda que presenta unha variación das súas actuacións ao eliminar a EDAR proxectada e a conexión coa rede existente e co aforro que supón esta eliminación, efectúa a canalización, en previsión dunha futura conexión, da tubaxe abastecemento ata o núcleo de Liñares:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNES CUMPRIDAS
Baña (A)	2022.2102.0307.0	Saneamento Liñares - San Salvador	177.843,57	0,00	177.843,57	-Autorización de Augas de Galicia-Vertidos. -Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación da autorización de Augas de Galicia-Vertidos e dos informes técnicos xustificativos, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido na Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022, de aprobación da 1ª Fase do POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello da Baña para os efectos oportunos."

**18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo", do Concello de Malpica de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0177.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo", do Concello de Malpica de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, co código 2024.2000.0177.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de



competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento do Concello de Malpica de Bergantiños, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

			Financiamento		
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Malpica de Bergantiños	2024.2000.0177.0	Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo	48.471,41	0,00	48.471,41

Logo de presentar o Concello de Malpica de Bergantiños un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 13 de novembro de 2024 polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da alcaldía o 20 de novembro de 2024, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que está áinda sen adjudicar, coa finalidade de suprimir unha parte do trazado previsto no proxecto inicial incluído no POS 2024 ao solaparse co trazado previsto noutro proxecto redactado polo concello e substituílo por outro camiño que xa non presenta afección de Patrimonio Cultural.

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente polo arquitecto municipal, no que indica que para a execución deste investimento non son necesarias autorizacións previas ou informes sectoriais doutros organismos.

Logo de ver o xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 18 de novembro de 2024 pola secretaria do concello, no que conclúa que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 14 de novembro de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

- 1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo", do Concello de Malpica de Bergantiños,



incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, co código 2024.2000.0177.0, sen variación do seu orzamento de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou por Resolución da alcaldía do concello o 20 de novembro de 2024, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 14 de novembro de 2024, polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, coa finalidade de suprimir unha parte do trazado prevista no proxecto inicial incluído no POS 2024 ao solaparse co trazado previsto noutro proxecto redactado e executado polo concello, e substituílo por outro camiño que, segundo o informe do técnico redactor do proxecto modificado, non presenta afección de Patrimonio Cultural, xa que dita afección, para a que se tiña autorización, atopábase no tramo suprimido, sendo os seus datos os seguintes:

Financiamento					
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Malpica de Bergantiños	2024.2000.0177.0	Mellora de capa de rodadura en camiños do núcleo de Leduzo	48.471,41	0,00	48.471,41

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Malpica de Bergantiños para os efectos oportunos."

**19.- Dación de conta do Plan 2024 para a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación, dos recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada e da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, adscrito á Deputación, dos exercicios 2022 e 2023.**


Dáse conta do Plan 2024 para a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación, dos recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada e da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, adscrito á Deputación, dos exercicios 2022 e 2023.

**20.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

**21.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.



**22.- Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

**23.- Aprobación da amortización de accións da sociedade mercantil Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A. e a saída da Deputación da Coruña do accionariado.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA é titular dunha serie de accións e, polo tanto, forma parte do accionariado da sociedade mercantil XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR, S.A., con CIF núm. A70392758, co seguinte detalle:

TITULAR: Deputación Provincial da Coruña

NÚMERO DE ACCIÓNS: 763 (numeradas da 17.376 A 18.138)

VALOR NOMINAL: 1.714,243980 €

CAPITAL SOCIAL: 1.307.968,16 €

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN: 0,63%

Na Xunta Xeral de accionistas da sociedade XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR, S.A., Celebrada na data 11 de xuño de 2024, deuse conta da próxima reestruturación da sociedade como consecuencia da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 49/2024 de 22 de abril, na que as competencias de solo empresarial se adscriben á Consellería de Economía e Industria, quen pasa a asumir a tutela funcional de XESTUR, S. A. pasando as competencias de vivenda e solo residencial á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o que fai necesario, á súa vez, separar o patrimonio e actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por XESTUR, S.A..

No contexto anteriormente descrito de reestruturación da sociedade XESTUR, S.A., na referida Xunta Xeral de accionistas de data 11 de xuño de 2024, valorouse a posible saída do accionariado das Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra, Lugo e do O.A. INORDE dependente da Deputación de Ourense, todo elo por razóns de operatividade e dada a escasa participación destes organismos no capital social da sociedade.

Consonte ao anterior, en data 14 de xuño de 2024, o Consello de Administración da sociedade XESTUR, S.A., adoptou por unanimidade o acordo consistente en comunicar ás Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra, Lugo e ao O. A. INORDE dependente da Deputación de Ourense, as condicións nas que podería ter lugar a súa saída do accionariado de XESTUR, S.A., se estas o consideran do seu interese, e aos efectos de que poidan iniciar e completar os trámites internos necesarios para adoptar os



acordos procedentes.

A operación que se propón polo Consello de Administración de XESTUR, S.A. para instrumentar a saída das Deputacións Provinciais e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A é a dunha redución de capital nunha contía equivalente ao importe da participación dos referidos Organismos no capital social de XESTUR, S.A., con devolución de aportacións aos socios saíntes na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións.

Está a tramitarse unha operación de escisión parcial de XESTUR, S.A. mediante a creación dunha nova sociedade á que se traspasaría a actividade de vivenda e solo residencial. Se esta operación de escisión parcial finalizase antes da operación de saída das Deputacións e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A., esta saída tería lugar non só do accionariado de XESTUR, S.A., senón tamén da nova sociedade beneficiaria da escisión, segundo os tempos en que teñan lugar as operacións antes referidas. Agora ben, en ambos casos, o capital a devolver as Deputacións pola súa saída sería o do seu valor nominal. A estes efectos, é conveniente que no acordo que adopte a Deputación se teñan en conta as dúas posibilidades antes aludidas, aos efectos de que o acordo adoptado pola Deputación sirva para aprobar, xa sexa únicamente a saída do capital de XESTUR, S.A. na Xunta Xeral desta entidade, no caso de que se poida materializar a saída da Deputación antes de que se materialice a escisión parcial, ou ben a saída do capital de XESTUR, S.A. e da nova sociedade resultado da escisión, no suposto de que a saída da Deputación se realice unha vez materializada a escisión.

O informe conxunto da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral incorporado ao expediente informa favorablemente a redución de capital nunha contía equivalente ao importe da participación dos referidos Organismos no capital social de XESTUR, S.A., con devolución de aportacións aos socios saíntes na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións, tal como consta no cadro anterior, conforme ao cal correspondería á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA a devolución de 1.307.968,16 €, en concepto de devolución de aportacións pola súa participación no capital social de XESTUR, S.A. Así como a correspondente baixa no Inventario de Bens da Deputación e na contabilidade financeira e no Balance de situación.

Polo exposto, o pleno acorda:

**1º.- Aprobar a amortización das accións da sociedade mercantil XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR, S.A das que é titular a Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, a saída do accionariado da devandita sociedade, co seguinte detalle:**

**TITULAR:** Deputación Provincial da Coruña

**NÚMERO DE ACCIÓNS:** 763 (numeradas da 17.376 A 18.138)

**VALOR NOMINAL:** 1.714,243980 €

**CAPITAL SOCIAL:** 1.307.968,16 €

**PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN:** 0,63%

**Condicións da saída do capital social:**

**Accións a amortizar:** 763 (numeradas da 17.376 A 18.138)

**Valor nominal de cada acción:** mil setecentos catorce euros con vinte e catro céntimos (1.714,243980 €). **Valor total:** 1.307.968,16 €



Forma de pagamento: Mediante transferencia bancaria á Conta Corrente desta Deputación ES49 2080 0000 71 3110000010

2º.- Aprobar a baixa no Inventory de Bens desta Deputación das accións da citada sociedade mercantil.

Título: Escrituras de constitución, ampliación e redución de capital que a 31 de decembro de 2023 determinan unha participación de 763 accións representativas do 0,63 % do capital social

Valoración da participación a efectos de inventory: 1.355.032,58 Euros

3º.- Aprobar a baixa das referidas accións na contabilidade financeira, así coma no Balance de situación que se aproba a 31 de decembro de 204, xerándose un ingreso polo importe monetario que se vai a recibir e producíndose unha perda de 47.064,42 Euros, que terá só incidencia na Conta do Resultado Económico-Patrimonial de 2024.

4º.- O presente acordo será aplicable para os efectos de poder acordar a saída desta Deputación, tanto do accionariado da sociedade mercantil XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR, S.A. como, no caso de que se materialice unha escisión parcial, saír do accionariado de XESTUR, S.A. e do accionariado da nova sociedade resultado da escisión, mediante a correspondente redución de capital con devolución á Deputación Provincial da Coruña das súas achegas polo importe do seu valor nominal.

5º.- Trasladar o presente acordo ao Consello de Administración da sociedade XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR S.A. para os efectos oportunos."

#### **24.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Pobra do Caramiñal.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioria absoluta da Corporación, acorda:

"1. Aceitar a delegación das competencias acordada polo Concello da Pobra do Caramiñal en relación coas seguintes materias:

1) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre bens inmobles ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

2) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección e establecer con esta Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

3) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.



- 4) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.
  - 5) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.
  - 6) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral. A delegación afectará tanto ao suposto xeral baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal como ao suposto especial da telefonía móvil.
  - 7) Instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como a súa recadación tanto en período voluntario como executivo.
2. A delegación entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia e as Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

**25.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no financiamento da realización do informe completo "A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2023".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**


O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña.

2.- Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de 35.000,00 €, a favor da Universidade de Santiago de Compostela (Q1518001A), para o financiamento da realización do informe completo "A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2023".

3.- Aprobar o texto do convenio administrativo correspondente e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

O texto íntegro do convenio sería como segue:



**Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para colaborar no financiamento da realización do informe completo “A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2023”.**

A Coruña,

### **REUNIDOS**

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

### **MANIFESTAN**

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA consideran de gran interese para a provincia continuar coa a elaboración dun informe anual, que se ven elaborando desde 1985, sobre a economía galega, no que se realiza un amplo e minucioso estudio sobre a situación actual, a dinámica recente e os problemas socioeconómicos da nosa comunidade.

4.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:


### **CLÁUSULAS**

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, CIF Q1518001A fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da realización do informe completo “A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2023”.

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo o proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



CONCEPTO	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
Pagos a autores	27.000,00 €
Revisión lingüística	1.800,00 €
Maquetación informe	4.000,00 €
Mantenimiento Web informe	1.500,00 €
Xornada de discusión e difusión de resultados	4.803,45 €
Coordinación e Dirección	4.000,00 €
Custe indirecto (16%)	6.896,55 €
<b>TOTAL</b>	<b>50.000,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 35.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 70,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/92051/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de suministro, servizos e asistencia para a completa realización do proxecto.
2. No procedemento de contratación a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e



aproba algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do proxecto, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:


- 1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- **Acreditación do cumprimento das obligaciones tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- **Proba do cumprimento das obligaciones assumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obligaciones tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

- 1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2024**.
2. Unha vez rematadas o proxecto, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula **SEXTA antes do 31 de maio de 2025**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de



desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.-A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o



pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atrasos na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia **ata o día 31 de xullo do ano 2025** sempre e cando exista crédito para tal fin

2. O UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de maio de 2025**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante da  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA"

**26.- Aprobación da corrección de erro material no texto do convenio interadministrativo de cooperación número 57 do 6 de setembro de 2024 asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Acondicionamento da edificación existente para albergar o Centro de Interpretación de arte rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela"**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a


### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Corrixir o erro material que figura na cláusula II ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS do convenio 57/2024 de 6 de setembro de 2024 entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, para financiar o "Acondicionamento da edificación existente para albergar o centro de interpretación de Arte Rupestre de Villestro (CIRVI) en Santiago de Compostela", onde non figura a liña do IVE correspondente á Fase 01. Execución por contrata, e polo tanto engadir o dito importe ao orzamento do proxecto, sen que isto supoña unha alteración do resto de cantidades incluídas no convenio.

2º O texto correcto da cláusula II sería o seguinte.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**



## FASE 01

1 ACTUACIONS PREVIAS	20.064,77
2 MOVEMENTO TERRAS	7.585,93
3 CIMENTACION	6.926,05
4 ILLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIÓN	8.343,10
5 CERRAMENTOS, TABIQUERÍA E APLACADOS	2.613,97
6 ALICATADOS, CHAPADOS, PAVIMENTOS y PINTURAS	19.058,24
7 CARPINTERÍA INTERIOR E CARPINTERIA EXTERIOR	8.136,09
8 INSTALACIÓN DE ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN	6.882,75
9 INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	2.335,32
10 INSTALACIÓN DE SANEAMIENTO	1.165,13
11 INSTALACIÓN DE ASCENSOR	1.262,71
12 INSTALACION DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS	618,94
13 INSTALACIÓN DE SEGURIDADE E VIXIANCIA	5.845,94
14 INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN	10.397,44
15 INSTALACIÓN DE CLIMA	14.870,79
16 SEGURIDADE E SAÚDE	4.577,37
17 XESTIÓN DE RESIDUOS	1.736,24

<b>ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	122.420,78
13 % GASTOS XERAIS	15.914,70
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	7.345,25
<b>SUMA</b>	145.680,73
<b>IVE 21%</b>	30.592,95


<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	176.273,68
--	------------

## ORZAMENTO MOBILIARIO

1 MOBILIARIO, GRAFICA E EQUIPAMENTO	28.785,24
2 ELEMtos TÉCNICOS E INFORMÁTICOS	12.192,86
<b>ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL</b>	40.978,10
13 % GASTOS XERAIS	0,00
6 % BENEFICIO INDUSTRIAL	0,00
<b>SUMA</b>	40.978,10
<b>IVE 21%</b>	8.605,40

<b>ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	49.583,50
---	-----------

3º A modificación da orzamento de convenio non altera a cantidade a finanziar pola Deputación da Coruña que corresponde co 100 % do mesmo, por un importe de 225.857,18 €"



**27.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2024".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:


"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "**Voz Natura 2024**", proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, NIF G15620651, para regular unha achega de **72.000,00 €** para cofinanciar o Proxecto "**Voz Natura 2024**", cun orzamento subvencionado de **145.067,00 €**, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,63224 %.
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240000118, da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de xuño de 2025.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "VOZ NATURA 2024"**

Na Coruña, a    de    de    na sede da Deputación Provincial da Coruña



Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ...., en representación da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre

Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e re-fundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.


Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto "VOZ NATURA", que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre" (G15620651), para o cofinanciamento do proxecto "Voz Natura 2024".

Aínda que o proxecto "Voz Natura" se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2024, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue



parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2023-2024 e parte das que se realicen no curso escolar 2024-2025.

## II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á provincia da Coruña ascende a 145.067,00 €, e ten o seguinte desglose

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.300,00 €
Mensaxería e promoción e gastos administrativos	9.461,00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	7.338,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa dos proxectos	20.376,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.951,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	40.749,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	4.892,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>145.067,00 €</b>

\*Poderán ser subvencionables gastos de carácter xeral da entidade que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE


1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,63224 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,63224 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria accredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.



#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra alguma das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria trámate e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.



- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.
- Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.
5. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria.

## **VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.



2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

## **IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.
3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados desde o día 1 de xaneiro do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2025.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2025, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ... de ..... de 2024.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN  
FUNDACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,  
LATORRE  
D. ....

O REPRESENTANTE DA  
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-  
D. ...."

**28.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP para financiar o proxecto "Creación e dinamización dun Ecosistema de Emprendemento en Cooperativa", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2024.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, para cofinanciar o proxecto "Creación e dinamización dun Ecosistema de Emprendemento en Cooperativa", anualidade 2024, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da



subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, NIF G70506662 para regular a achega de **47.040,00 €** para cofinanciar o proxecto "**Creación e dinamización dun Ecosistema de Emprendemento en Cooperativa**", anualidade 2024, cun orzamento subvencionado de **58.800,00 €**, o que supón un coeficiente de financiamento do 80,00 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240051375, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 30 de abril de 2025.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Número /2024

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP PARA FINANCIAR O PROXECTO “CREACIÓN E DINAMIZACIÓN DUN ECOSISTEMA DE EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2024.**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ...., en representación da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento

**MANIFESTAN**

Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop consideran de grande interese para a provincia impulsar o emprendemento en cooperativa e consolidar ás empresas creadas atendendo ás distintas necesidades e demandas detectadas neste ámbito, conscientes da importancia do cooperativismo e concretamente o cooperativismo de traballo asociado para dar resposta dun xeito eficaz



ao acceso ao emprendemento de moi diversos colectivos: persoas mozas, mulleres, reconversións laborais e empresariais, tanto no ámbito urbano como rural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop, CIF G-70506662, para o financiamento do proxecto “Creación e dinamización dun Ecosistema de Emprendemento en Cooperativa”, cuxo obxectivo consiste en crear e dinamizar unha rede de traballo colaborativo a prol do cooperativismo como fórmula de emprendemento laboral e de xeración de riqueza mediante a posta en marcha de actividades económicas xunto coa creación de emprego estable, así como contribuír á mellora das cooperativas activas na provincia da Coruña.


### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Unión de Cooperativas EspazoCoop levará a cabo as actividades do programa, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Soldos e salarios do persoal laboral da entidade, imputado ao proxecto	31.424,36€
Seguridade social a cargo da entidade do persoal laboral imputado ao proxecto	10.096,64€
Desprazamentos imputados ás actividades realizadas	4.245,00€
Servizos de profesionais independentes. Contratación de servizos externos especializados (poñentes, servizos técnicos, recursos telemáticos) para o correcto desenvolvemento das actividades	5.420,00€
Publicidade e comunicación	770,00€
Subministracións (auga, gas, electricidade, combustible,etc, imputados ao desenvolvemento das actividades)	3.914,00€
Outros servizos (telefonía, internet, etc. imputado ao desenvolvemento das actividades)	2.930,00€
<b>Total custo proxecto</b>	<b>58.800,00€</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 47.040,00€, o que representa unha porcentaxe do 80,00% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade



efectivamente xustificada.


- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Unión de Cooperativas EspazoCoop obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Unión de Cooperativas EspazoCoop. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Unión de Cooperativas EspazoCoop, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na oferta máis vantaxosa economicamente.
- No caso de que Unión de Cooperativas EspazoCoop tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: [www.emprego.dacoruna.gal](http://www.emprego.dacoruna.gal)
- Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Unión de Cooperativas EspazoCoop.



## VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial farase efectiva despois da xustificación documental da realización das actividades subvencionadas.

De acordo co anterior, expedirase un único pagamento a prol da Unión de Cooperativas EspazoCoop, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre a cantidade efectivamente xustificada e unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Unión de Cooperativas EspazoCoop, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.


## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Unión de Cooperativas EspazoCoop para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade



financeira indicada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop deberá acreditar con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Unión de Cooperativas EspazoCoop destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Unión de Cooperativas EspazoCoop queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se



realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Unión de Cooperativas EspazoCoop serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereito dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Unión de Cooperativas EspazoCoop será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados **dende o día 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril de 2025**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a Unión de Cooperativas EspazoCoop non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 30 de abril de 2025**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2025**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Unión de Cooperativas EspazoCoop perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Unión de Cooperativas EspazoCoop, respectivamente.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecientes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Unión de Cooperativas EspazoCoop

D. .....

D. ....."

**29.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento do proxecto "Ampliación e mellora do equipamento do centro de apoio ao desenvolvemento rural, A Fusquenlla", no marco do Plan de Emprego Local (PEL).**

#### **VOTACIÓN**


Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun



convenio administrativo co concello de San Sadurniño, para cofinanciar o proxecto “Ampliación e mellora do equipamento do centro de apoio ao desenvolvemento rural, A Fusquenlla”, propone á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co **Concello de San Sadurniño**, NIF P1507700A para regular a achega de **80.000,00 €** para cofinanciar o proxecto **“Ampliación e mellora do equipamento do centro de apoio ao desenvolvemento rural, A Fusquenlla”**, cun orzamento subvencionado de **167.963,10 €**, o que supón un coeficiente de financiamento do 47,62951%.
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 22024008881, da aplicación orzamentaria 0520/24100/76201, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ate o 31 de marzo de 2025.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Número /2024


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “AMPLIACIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO DO CENTRO DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO RURAL, A FUSQUENLLA”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL.**

Na Coruña, a    de    de    na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

- D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña
- D. ...., en representación do Concello de San Sadurniño



Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

## MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño consideran de grande interese para a provincia, promover o emprendemento e o emprego no sector primario e establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de San Sadurniño, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño, CIF P1507700A, para o financiamento do proxecto “Ampliación e mellora do equipamento do Centro de Apoio ao Desenvolvemento Rural, A Fusquenlla”.

O proxecto pretende mellorar o equipamento básico co que conta o Centro para a transformación de produtos de horta e froita, de cara a ampliar a gama de elaboracións que se poderán desenvolver no mesmo en función das necesidades e demandas detectadas das persoas produtoras usuarias, tanto na zona de hora e fruticultura, coma apicultura. Con isto acadarase non só incrementar a súa capacidade, senón tamén a producción e a calidade dos produtos finais.

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo a memoria achegada polo Concello de San Sadurniño, o orzamento máximo para a adquisición da subministración do equipamento, ascende a **167.963,10 euros**, co seguinte detalle:


Descripción	Prezo Unitario (sen IVE)	Total (sen IVE)
APILADOR ELÉCTRICO CDD12-AC1-I 1200 Kg 3300mm dúplex Elevación: 4500mm Pinzas: 570x1150mm Batería litio: 24v-120Ah Cargador externo Sen plataforma e sen bandeirolas.	13.600,00	13.600,00
TRASPALETA PINTADA. Dimensíons: 115X540X1220X1150X160 Peso: 78Kg Capacidad: 2000kg Sistema incorporado na válvula de sobrecarga e totalmente selado da bomba hidráulica. Kit de selado que ofrece unha vida útil de 3 anos Rodetes de entrada e saída de nylon	450,00	900,00
Metros MANGUEIRA SANITARIA PARA MEL 40MM de diámetro. Fabricada en plástico alimenticio, de 40mm de diámetro Compatible para usar con bombas de trasfega, depósitos, maduradores, envasadoras, bombas de trasfega, etc.. Moi boa flexibilidade	25,50	510,00



RACORD DE CONEXIÓN DE MANGUEIRAS RÁPIDOS Racord de conexión plástico ou similar para conexión de mangueiras sanitaria para mel de 40mm de diámetro	39,60	79,20
CONXELADOR VERTICAL CON BANDEXAS TIPO COMBI NON FROST A++ 185CM MEDIDAS: 1860X595X650MM Capacidade neta do conxelador:280 l Conxelador Non-Frost con sistema de descongelación automática Bisagras A esquerda reversibles  Caixóns do conxelador: 5, Plástico transparente. Portezuela(s) do conxelador:2, Plástico transparente Frostmatic, conxelación rápida dos alimentos Luces: Panel LED Superior Función «Power Freeze» de conxelado rápido Numero de patas: Patas axustables Medidas, mm 1860x595x650 Clase A++ Capacidade útil conxelador (L) 280 Mandos de control Táctil electrónico Tipo frío conxelador Non Frost Luz do conxelador Panel LED Superior Consumo enerxético anual (kW) 257 Tipo de porta Planas Condensador Estático Capacidade total bruta (L) 307 Nivel de ruído dB(A) 42 Alto (mm) 1860 Ancho (mm) 595 Fondo (mm) 650 Alto oco (mm) 0 Ancho oco (mm) 0 Fondo oco (mm) 0 Capacidade de conxelación (Kg/24h) 20 Clasificación climática SN-N-ST-T Voltaxe (V): 230 Frecuencia (Hz) 50 Potencia (W) 183	997,36	997,36
SENSOR DE NIVEL SONORO Sensor para marcar o punto de nivel desexado de líquido	558,00	558,00
BANCO INOXIDABLE RESISTENTE DE 2.25M DE LONGO X 1.20M DE ALTO X 0.60M DE FONDO QUE SOPORTE 2000 KGS. Banco fabricado en aceiro inox para soportar un peso de sobre 2000kgs	2.250,00	4.500,00
SOPORTE MANGUEIRA MADURADORES EN INOX Mangueira alimentaria	28,96€	57,92€
MESA ROTATIVA COMPATIBLE CON DOSIFICADORA LYSON "PREMIUM LINE" Ou SIMILAR TOTALMENTE AUTOMATIZADA Mesa totalmente automatizada . Fabricada en aceiro inoxidable ou en materiais aprobados en uso con produtos alimenticios Patas regulables equipadas con rodas para variar a altura de envasadora	2.995,00	2.995,00
MESA DE TRABALLO DE ACEIRO INOX DE 70X70 CM DE TABAL E ALTURA DE 70CM CON CATRO PATAS REGULABLES EN NIVEL Mesa construída en aceiro inoxidável AISI 304 Patas en tubo cadrado AISI 304 40x40mm regulables	577,00	577,00
SECADERO DE POLE DE 10 BANDEXAS DE ACEIRO INOXIDABLE Fabricado en aceiro inoxidable resistente aos ácidos Fonte de alimentación: 230 V Potencia de quecemento: 1.0 kW Potencia total: 1.1 kW Rango de temperaturas: 40 - 90 ° C cantidad de pole en 1 bandexa: aprox. 2kg Número de bandexas 10 pezas dimensíons do caixón: ancho 350, profundidade 400, altura cantidad de frascos: 320 ml - 50 pezas 900 ml - 12 pezas dimensíons: ancho 420 mm profundidade 550 mm altura 380	975,00	975,00
Limpadora de pole con aire, fabricada en aceiro ao carbono para limpar os grans de pole.	2.450,00	2.450,00
FREGADERO EN INOX CON CUBA DE GRAN CAPACIDADE DE 1000X700 CON BASTIDOR E ESTANTE. Construído totalmente en aceiro inox AISI 304. Cubeta embutida con	865,00	865,00



protección antisonora Inclúe desaugadoiro e tubo rebosadero.		
CUBETA DE DESOPERCULAR 1500MM EN INOX E FONDO CÓNICO Cubeta desopercular 1500mm Fabricado en aceiro inoxidable. Fondo cónico Patas regulables Altura axustable	750,00	750,00
BANCO DECANTACIÓN 1500MM CALEFACTADO Banco decantación calefactado para filtrado de mel Fabricado completamente en aceiro inox. Dobre parede Cinco filtros extraíbles con diámetro variable (3mm, 1mm) Saída apta para a extracción do mel con bomba. Termostato con variador de 30-55°C Potencia 520W/ 50Hz Dimensíóns 1500/1640×510×350mm Alimentación 220V	1.950,00	1.950,00
MADURADOR 200L Madurador de mel en aceiro inoxidable Depósito de mel Capacidad de 200 litros	257,00	771,00
MADURADOR CONICO 150L CALEFACTADO Madurador fabricado en aceiro inoxidable, de fondo Cónico dobrado e calefactado, con capacidade 150lt. Con tapadeira de aceiro Inox e billa inox.	1.200,00	1.200,00
DESHUMIFICADOR Alimentación: 230 V/I/50 Hz Capacidad depósito: 5 L Capacidad extracción: 30 l/24h Caudal aire: 180 m3/h Dimensíóns. Ao x An x Fon: 545x362x270 mm Temperatura operativa: 5 - 30oC Nivel sonoro: 39 dB (A) Peso: 15 kg Potencia: 495 W Tipo de rexeneración: R290	438,00	876,00
AUTOCLAVE HORIZONTAL PARA PROCESOS DE COCCIÓN, ESTERILIZACIÓN E PASTEURIZACIÓN Sistema de funcionamento estático en sistema vapor/aire con ventilador e distribución forzada de mestúraa vapor aire. Inclúe control e rexistro de RPM do ventilador como factor crítico de control. Contrapresión controlada con axitación forzada. Capacidad do equipo: 43 envases 1045ml 180 envases 212ml CARACTERÍSTICAS XERAIS Temperatura máxima de proceso 130°C. Presión máxima de esterilización 3.5 bar. Dimensíóns totais máximas: Ancho:1000mm / Longo 2000mm / Alto 2000mm. Construcción AISI304. Espesor virola 4mm. Espesor fondos Marcado CE recipiente a presión. SISTEMA DE CARGA- Carro horizontal con rodas para desprazamento en planta. Fabricado en AISI304 con guías de entrada á altura do autoclave. POSTA EN MARCHA Incluída a visita dun técnico para axuste e formación unha vez instalado o equipo por parte do cliente. SISTEMA DE REXISTRO E INSTRUMENTACIÓN DE CONTROL. Inclúe o software de rexistro do tratamento térmico con: Rexistro das variables críticas de proceso; temperatura ambiente, presión e RPM do ventilador. Histórico de rexistro e xestor de informes. Sistema de acceso para asistencia técnica. Inclúe: Transporte até destino 3 Transformadores de 5kw, con armario Instalación Inclúe equipo de sondas para a realización de penetración de calor, con 5 sondas, base lectora e zLogger (software de lectura ) e pc Licenza para o software de xestión,programación e descarga de datos no pc	57.729,09	57.729,09



MUIÑO ELÉCTRICO PARA FROITAS con soporte RM 2.2 De coitelas Orientación vertical De aceiro inoxidable. Caudal 1000kg/h A despulpadora de 2,2 KW de potencia, equipada con cribas de substitución rápida en aceiro inoxidable para axustar a finura do moenda, está indicada para o triturado de distintas variedades de froita, como froita pomácea, froita de óso e bayas, así como para hortalizas. A despulpadora está feita por completo en aceiro inoxidable, polo que é apta para alimentos. A despulpadora pódese utilizar de forma independente co bastidor opcional ou directamente montada a un elevador inclinado	3.990,00	3.990,00
CENTRIFUGADORA DE VERDURAS E LAVA VERDURAS CON FUNCIONAMIENTO POR ROTACIÓN Cesto con 2 velocidades de xiro: lavado 60rpm , secado 30lt capacidade cesto de 2a 6 kg de verduras. 3 ciclos prefijados segundo o produto a lavar. Incluirá dosificador para desinfectante de verduras( en ciclo específico)	6.225,00	6.225,00
DESHIDRATADOR POLIVALENTE DE ALIMENTOS PROGRAMABLE PROFESIONAL Material Aceiro inoxidable Cor Prateada 2000 watts Tensión 240 Voltios Rectangular de bandexas 20 Con regulador de temperatura, pantalla táctil e programador de tempo como	950,00	950,00
ENVASADORA Ao VACÍO 20 M3/Hora Medidas: 535x591x438h mm Câmara sen carga: 441x449x170h mm Mandos: PanelTouch 5" Tensión: 220V-240V 50 Hz Bomba sen carga: 20 mc/h Sistema sen carga: Sensor Absoluto. Prestacións: Baleiro + Extra baleiro + Gas + Desaireación automática (5 prog. especiais) + 8 prog. do chef + 10 programables Peso: 62,5 Kg Carrozaría: Aceiro inoxidable Aisi 304 Soldadura: 410 mm Medida Max. bolsa: 40x50cm Opcional: Bomba Busch Posibilidade de conectar a unha impresora Compatible con HACCP 410 mm Accesorio "Easy Flat" para aspirador externo Accesorio para vacío externo en colectores Ciclo de deshumidificación do aceite da bomba "H2OUT" Panel táctil Sensor sen carga absoluto Programas de chef, Programas de usuario, Programas de desgasificación, Programas de tarros	5.097,00	5.097,00
LICUADORA INDUSTRIAL Construída en aceiro inoxidable Velocidade: 6.300 rpm. Expulsión continua de residuos. Función turbo para facilitar a limpeza final. Potencia: 240W Dimensíons: 205 x 310 x 360 mm Peso neto: 5 kg TERMÓMETROS DE MERCURIO PARA PAREDE	690,00	690,00
MEDIDOR DIXITAL DE PH Medidor de PH de peto Impermeable con electrodo inter-cambiable. Resolución: Precisión: +/-0.1 pH/+/1 digit. Auto-calibración: PH 7.00 Medidas: 40x20x150 Peso: 350gr	175,00	175,00
TERMÓMETROS DE MERCURIO PARA PAREDE	15,00	30,00
TERMÓMETRO CON SONDA PARA O SECTOR ALIMENTARIO E DE LABORATORIO Datos técnicos xenerais Peso 187,0 g Medidas 135 x 60 x 28 mm Temperatura de funcionamento -20 até +50 °C Carcasa ABS + PC / TPE Clase de protección IP40; IP65 con TopSafe. Tipo de batería 3x AA Autonomía 100h Temperatura de almacenamento -20 até +50 °C Rango -200 até +800 °C Exactitude conforme á precisión da sonda Resolución conforme á precisión da sonda NTC Rango -50 até +150 °C Exactitude ±0,2 °C (-20,0 até +80,0 °C) ±0,3 °C	220,00	440,00



(Resto Resolución 0,1 °C Aprobado segundo o APPCC e certificado EN 13485 para o uso no sector alimentario.		
RELOXOS DE PAREDE Diámetro 25cm, grosor 4,5 cm. Precisión: o sistema de cuarzo de alta calidad proporciona unha fiabilidade de desviación de 1 segundo en 6 anos de funcionamento.	35,00	140,00
PERCHERO INOXIDABLE DE PAREDE ( 6 GANCHOS CADA UN ) O xogo de construcción inclúe: barra de ganchos de aceiro inoxidable x 2, paquete de hardware (para montaxe con parafuso) x 4, cada parafuso fornécese cunha tapa da raia. tamaño total: 420 x 30 x 70 mm, distancia entre cada gancho: 70 mm, o deseño colgante na parede con 6 ganchos facilita o almacenamento de obxectos e aforra espazos. Capacidade de carga: 5 kg.	55,00	110,00
PERCHERO INOX PAREDE BAÑO ( 1 GANCHO) Fabricado en aceiro inox. Gancho de parede de aceiro inoxidable	35,00	35,00
Colocación de estante en inox nos dous locais de limpeza 1 ESTANTE DE 1800X400 MM 1 ESTANTE DE 1400X400 MM 1 ESTANTE DE 3000X250 MM 1 ESTANTE DE 2000X250 MM 1 ESTANTE DE 1500X400 MM 1 ESTANTE DE 4000X400 MM	2.195,00	2.195,00
MOBLE ESTANTE CON 2 PORTAS E 3 ESTANTES Móble para oficina Material contrachapado de madeira de 43 x 90 x 192 cm	385,00	385,00
IMPRESORA MULTIFUNCIÓN Imprime, escanea e copia en branco & negro e en cor; a velocidade de impresión máxima é de até 20 ppm en branco e negro e de até 16 ppm en cor Impresión a dobre cara manualmente, Wi-Fi de dobre banda con restablecimiento automático, Wi-Fi Direct, USB 2.0 de alta velocidad e Apple AirPrint Inclúe Bluetooth Pantalla LCD Puerto USB de conexión ao computador	235,00	235,00
LOUSA MAGNÉTICA BRANCA CON CABALLETE DE TRÍPODE , ALTURA AXUSTABLE. 90x60 mm. con bandexa para rotuladores Superficie en aceiro lacado magnético Caballete de trípode, con altura axustable Clip axustable para rotafolios de tamaño Euro e A1	140,00	140,00
EUROPALET HIXIÉNICO REFORZADO Superficie superior e inferior completamente lisa para unha fácil limpeza. Rebordes perimetrais antiescorregadizos. Material: Polietileno de alta densidade en calidad alimentaria. Posibilidade de inserir un chip Medidas: 1200x8x153 mm	178,00	534,00
CHANZOS INOX Escaleira inoxidable dous banzos de 485x470x470mm	225,00	225,00
TABURETE CON RODAS Taburete de tres rodas que permiten o seu fácil traslado dun sitio a outro cun simple empuxón do pé, con todo no momento en que vostede sobe sobre o queda totalmente fixado ao chan grazas ao seu burlete circular que se adhire como unha ventosa. Medidas: 430x430mm	108,00	324,00
LLENADORA DOSIFICADORA VOLUMÉTRICA PARA LÍQUIDOS DE DIFERENTES DENSIDADES. Rango de velocidad de enchido axustable. Totalmente desmontable para a limpeza con chaves clamp rápidas de axustar. Conta con axuste fino para succión e impulsión do produto. Aceiro	5.950,00	5.950,00



inoxidable 316 Rango de enchido: 5600 ml (especificar) Enchido preciso: ± Solicitude do compresor de aire: Necesita compresor Capacidade do tolva: 30 Litros (especificar) Velocidade de enchido: 60 ml x segundos Solicitude do compresor de aire: Necesita compresor Capacidade do tolva: 30 Litros (especificar) Velocidade de enchido: 60 ml x segundos Peso neto: 39 kg Peso bruto: 42 kg Tamaño da Máquina: 480x420x70 mm		
CARRO DE LIMPEZA CON PRENSA DE PANCA Medidas: 600x500x900mm Peso: 8,9kg	290,00	290,00
MAQUINA TAPADORA ELÉCTRICA DE BOTELLAS BOTES 10MM A 50MM Tapadora de Botellas 10mm, 11mm, 12mm, 13mm, 14mm, 15mm, 18mm, 19mm, 20mm, 21mm, 22mm, 23mm, 24mm, 25mm, 26mm, 27mm, 28mm, 29mm, 30mm, 31mm, 32mm, 33mm, 34mm, 35mm, 36mm, 37mm, 38mm, 39mm, 40mm, 41mm, 42mm, 43mm, 44mm, 45mm, 46mm, 48mm, 49mm, Especificaciones: Voltaxe: 220V. Potencia: 80W. Operación: Manual. Diámetro de taparroscas: de 10mm até 50 mm. Velocidade media: 20 botellas por minuto. Forza de embrague: Axustable.	1.380,00	1.380,00
CUECECREMAS ELÉCTRICO DE 80LT Dispón 2 velocidades. Con termostato electrónico e temporizador para programar o funcionamento das resistencias e do mesturador. Maquina fabricada integralmente en aceiro inoxidable Aisi 304, a cocción ao baño maria , dispón de cuba de triplo cámara con camisa en baño de aceite diatérmico. Mezclador con rascadores de parede e de fondo de cuba de teflón especialmente deseñados para evitar que o produto se pegue ou se queime. Temperatura máxima até 150º. Tapa da cuba equipada con tolva de inspección para controlar o proceso operativo. Medidas: 960x740x1640mm Potencia resistencias: 9kw Potencia motor: 0,6/0,8kw-Voltaxe 400/3/50Hz Peso: 130kg Sistema de refrixeración con ventilador-Variador de velocidade Pa mesturadora sobre especial Billa de descarga de producto- Pantalla LCD 7" Panel de control programable completo-Sensor láser para temperatura do producto.	14.765,91€	14.765,91
ESTANTE DE 5 NIV. CON ESTANTES REGULABLES EN ALTURA 180X150X45CM Fabricadas en aceiro inox AISI 304 18/8 de 1mm espesor Estantes con bordo de sobre prega para evitar cortes Frontal dos estantes de 40mm Pés regulables para unha maior estabilidade. De serie fornécense con tornilleria inox. Os estantes pódense regular.	1.110,00	1.110,00
MOLDE EMPAQUETADO DE ACEIRO INOXIDABLE de 51x51x10 de alto	56,00	56,00
TEAS DE PRENSADO 80X80cm DE USO ALIMENTARIO	32,00	320,00
TÁBOAS DE PRENSADO DE MADEIRA DE ACACIA 50X50 cm DE USO ALIMENTARIO	68,00	680,00
	<b>Base imponible</b>	138.812,48
	<b>IVE (21%)</b>	29.150,62
	<b>Total</b>	<b>167.963,10</b>



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**


1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **80.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do 47,62951%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,62951% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advíteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de San Sadurniño o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. Nos procedementos de contratación, o Concello de San Sadurniño axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o Concello de San Sadurniño tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

No tocante á publicidade do financiamento provincial das obras:



1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición da subministración, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquiridos os bens, o Concello de San Sadurniño deberá rotular en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54<sup>a</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2024, ata o 50% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de San Sadurniño pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

O Concello de San Sadurniño estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.- 2 de publicidade.

En todo caso, será tamén de aplicación o establecido no artigo 24.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (publicada no Boletín Oficial da Provincia número 185, de 25 de setembro de 2024)

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao abono do 50% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa do pago do ben
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de San Sadurniño, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboadoo co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar ter aboadoo aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O abono da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de San Sadurniño na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de San Sadurniño terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.



## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal e como se describe na cláusula PRIMEIRA, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de San Sadurniño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requerimento ao Concello de San Sadurniño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de San Sadurniño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de San Sadurniño na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de San Sadurniño terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello De San Sadurniño deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello De San Sadurniño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello De San Sadurniño poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello De San Sadurniño, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES**

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obliga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na adquisición da subministración ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de San Sadurniño serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de



Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello De San Sadurniño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día **15 de decembro de 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de marzo de 2025**.

2. Para o caso de que o Concello de San Sadurniño non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do **31 de marzo de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de outubro de 2025**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguído, de xeito que o Concello de San Sadurniño perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.


### **XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de San Sadurniño respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_



E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Polo Concello de San Sadurniño

Asdo.

Asdo."

**30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:


"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle para financiar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle"

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa "Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente", dado o seu carácter residual,

Propонse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle, para regular a achega de 128.000,00 € para cofinanciar o proxecto "Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle", cun orzamento subvencionado de 149.108,84 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 85,843334% estendendo aúa vixencia ata o 31 de decembro de 2025 e as obras terán carácter retroactivo para



os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 01 de outubro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.

3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240056277, da aplicación orzamentaria 0520/4545/781, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE CONCELLOS VÍA VERDE COMPOSTELA, TAMBRE, LENGÜELLE PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE COMPOSTELA, TAMBRE, LENGÜELLE”**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle.


Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle consideran de gran interese para a provincia mellorar as condicións e poñer en valor a Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle contribuíndo con elo á conservación do medio ambiente, a dinamización do tecido socioeconómico, á mobilidade sostible e ao desenvolvemento sostible do medio rural.

Que a asociación está integrada na actualidade polos concellos de Cereda, Ordes, Oroso, Santiago de Compostela e Tordoia, e entre os fins da mesma está:

- Xestionar, desenvolver e promocionar este camiño natural de sendeirismo e cicloturismo, respondente á demanda social de servizos turísticos alternativos, buscando sinerxías con outros proxectos complementarios de mobilidade sostible, do Camiño de Santiago de Compostela e doutros roteiros de valoración do patrimonio, baixo un enfoque de fomentar o emprendemento e o asentamento da poboación no seu lugar de orixe.
- Impulsar e dinamizar a vía verde como un elemento de cohesión territorial mediante a posta en marcha de actividades de desenvolvemento turístico sostible,



que repercutan no beneficio da poboación local, en hábitos saudables e na valoración do medio rural, facilitando o acceso a experiencias deportivas, culturais e educativas en contacto coa natureza.

- Fomentar o coñecemento e goce do patrimonio natural do territorio, mediante o acondicionamento de infraestruturas en desuso como trazados ferroviarios, etc., mantendo o seu uso público, fomentando o espazo de encontro entre a cidadanía e tendo en conta a accesibilidade e seguridade das persoas con algúns tipo de discapacidade.
- Fomentar a educación ambiental e os hábitos saudables ligados ao deporte, con especial atención aos atributos, diferenzas do territorio e a historia local.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente recoñece a importancia da conservación das Vías Verdes como un instrumento esencial nas políticas de desenvolvemento sostible e nas estratexias de protección e conservación ambiental.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle, as dúas partes acordan subscibir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO


O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle (NIF: G10807808) para financiar o proxecto “Acondicionamento da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”, no que se integran as seguintes actuacións:

- Mellora de firme
- Mellora do drenaxe
- Melloras de noiros
- Actuacións Plan de Evacuación
- Sinalización
- Melloras na iluminación
- Mobiliario

### II. ORZAMENTO DE GASTOS

A Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle desenvolverá as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actuacións do proxecto	Total
Mellora de firme	15.363,66 €
Mellora do drenaxe	19.305,33 €
Mellora de Noiros	27.518,43 €
Actuacións Plan de Evacuación	30.121,69 €
Sinalización	1.410,66 €
Melloras Iluminación	6.046,49 €
Mobiliario	3.788,74 €



Gastos xerais (13%)	13.462,15 €
Beneficio Industrial (6 %)	6.213,30 €
IVE (21 %)	25.878,39 €
	<b>149.108,84 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da redacción do proxecto, a execución da obra así como a adquisición de mobiliario de oficina, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **128.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **85,843334%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento previsto na cláusula segunda, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 85,843334% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/4545/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito suficiente polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como o cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, o outorgamento dos contratos de obras necesarias para a execución do obxecto do convenio, ao que fai referencia a cláusula primeira, corresponderalle á entidade beneficiaria.

2. Con carácter previo á contratación, se o importe da contratación que se vaia a realizar excede de 15.000,00 € (no caso de mobiliario) e 40.000,00 €, (no caso de obras) excluído o IVE, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.



3. No caso de que a entidade beneficiaria trame e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

No tocante á publicidade do financiamento provincial:

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a denominación do proxecto, o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada as obras, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia a denominación do proxecto e o financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Deberase colocar nun lugar visible do local un cartel no que se deixe constancia da denominación do proxecto, o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida. O texto estará redactado en galego.
4. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Copia do contrato de obra
  - b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás obras realizadas obxecto deste contrato
- c. Reportaxe fotográfica das obras realizadas
  - d. Certificacións e acta de recepción da obra realizada asinada por técnico competente.
  - e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
  - f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
  - g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.



k. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V. "Publicidade do Financiamento Provincial" mediante a presentación de fotografías.

l. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

A entidade deberá acreditar terles aboados aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o pago. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA OBRA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas e/ou realizadas entre o 01 de outubro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.

2. Unha vez rematadas as obras a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser esolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNNS**

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de atraso na realización das obras e/ou obras ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**


1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2025 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de outubro de 2024. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade non poda presentar a xustificación antes do 31 de decembro de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar



e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

**Asdo.**

Pola Asociación de Concellos Vía Verde  
Compostela,Tambre,Lengüelle

**Asdo.**

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo."**

**31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para levar a cabo as obras do proxecto construtivo de "Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 2.1. (T.M. de Santiago de Compostela)" no marco do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "Acondicionamento do Trazado de Ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.1. (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA) no marco do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle financiado con Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU, proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, propone á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "Acondicionamento do Trazado de Ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.1. (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA) no marco do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle financiado con Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado



pola Unión Europea-Next GenerationEU, proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

PROXECTO	PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Santiago de Compostela
EIXE	2. Mellora da eficiencia enerxética
ACTUACIÓN	7. Adecuación de firme de la Vía Verde en el tramo de Santiago a Orosa
C.P.	2023.3.81990.4

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA - PSTD*	% ACHEGA
Execución da obra	279.342,22 €	289.216,39 €	100 %
Dirección de obra	6.983,55 €		
Seguridade e Saúde	950,61 €		
Control de calidad	1.940,01 €		
<b>TOTAIS</b>	<b>289.216,39 €</b>	<b>289.216,39 €</b>	<b>100%</b>

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "ACONDICIONAMENTO DO TRAZADO DE FERROCARRIL EN DESUSO SANTIAGO DE COMPOSTELA-CERCEDA PARA USO COMO VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE / TRAMO 2.1. (T.M. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)" NO MARCO DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU.**

A Coruña, .... de ..... do 2024

## REUNIDOS

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña  
D. ...., en representación do Concello de Santiago de Compostela

Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento

## EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para



ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais e, na actualidade, promovidas activamente pola Fundación de los Ferrocarriles Españoles. As actuación incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña.


3. O tramo II, que é o único que faltaría para completar a Vía Verde e incluído no Plan de Mobilidade Ciclista da Deputación, comezaría no punto quilométrico 10+180 en dirección Santiago. Este tramo de 8 km ten un coste de 1.012.116,85 euros. Inicialmente se pretendía acometer toda a obra deste tramo no seu conxunto, cunha financiación mixta con tres partes implicadas: fondos europeos NextGenerationUE (PSTD), fondos propios da Deputación da Coruña e fondos propios do Concello de Santiago.

4. O PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, dentro do eixe de actuación 2. de mellora da eficiencia enerxética, contempla a adecuación do firme do Tramo II desta Vía Verde cun orzamento total (IVE incluído) de 290.505,00 €. Coas novas instrucións recibidas por esta Deputación, que impiden completar as actuacións con fondos propios, surxe a necesidade de dividir o Tramo II en dúas subfases da que o Tramo 2.1 se financiará con fondos europeos.

5. O concello de Santiago de Compostela aprobou o proxecto “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 2.1. (t.m. de Santiago de Compostela)”, en adiante “Vía verde Santiago. Tramo 2.1.”, redactado pola Fundación de los Ferrocarriles Españoles, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, por acordo da súa Xunta de Goberno de 14 de outubro de 2024.

Visto o anterior, considérase procedente a subsrcpción dun convenio de colaboración para a “encomenda de xestión” entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo “Vía verde Santiago. Tramo 2.1”, que afectan ao término municipal do concello de Santiago de Compostela.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela con suxección as seguintes



## CLÁUSULAS:

### PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Santiago de Compostela a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto “VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE\_SANTIAGO DE COMPOSTELA\_TRAMO 2.1.” no marco da liña de actuación 7 do eixe 2 de mellora da eficiencia enerxética do PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle:

PROXECTO	PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Santiago de Compostela
EIXE	2. Mellora da eficiencia enerxética
ACTUACIÓN	7. Adecuación de firme de la Vía Verde en el tramo de Santiago a Oroso
C.P.	2023.3.81990.4

O proxecto da obra contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

Este tramo 2.1. da Vía Verde que discorre polo término municipal de Santiago de Compostela conta cunha lonxitude total a acondicionar de 3.170 metros que comeza no PK 7+010, xunto a un camiño veciñal que discorre paralelo á vía pola súa marxe esquerda, nas cercanías da aldea de Ramelle, ata alcanzar o río Tambre, nas proximidades da desembocadura do río Lengüelle (PK 10+180).

O presente convenio pretende basicamente garantir á Deputación que, previamente ao comezo das obras, cuxa contratación asume, conte cos terreos, se é o caso, e as autorizacións ou licenzas necesarias, e que o concello finalmente acepte a obra realizada pola Deputación e se comprometa a asumir o seu mantemento e conservación.

### SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento total de execución das obras estímase en DOUSCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS DEZASÉIS CON TRINTA E NOVE IVE incluído, e que corresponden ao Tramo 2.1. no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concello de Santiago de Compostela:

a) Orzamento das obras que recolle o proxecto:

P.E.M	194.001,12 €
Gastos xerais (13 %)	25.220,15 €
Beneficio industrial (6 %)	11.640,07 €
Orzamento base de licitación sen IVE	230.861,34 €
IVE (21 %)	48.480,88 €
<b>Orzamento base de licitación con IVE</b>	<b>279.342,22 €</b>

b) Os custos derivados especificamente da execución da obra, como son a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade, que se indican a continuación serán asumidos directamente pola deputación da Coruña, sendo calculados sobre o orzamento de execución material, que é de 194.001,12 €:

- Contrato de dirección de obra: 2,975 % = 6.983,55 € IVE incluído



- Contrato de seguridade e saúde: 0,49% = 950,61 € IVE incluído
  - Contrato de control de calidad: 1,00 % = 1.940,01 € IVE incluído
- TOTAL: 9.874,17 €**

**O orzamento total de execución das obras ascende a un total de 289.216,39 €**

2. O prazo de execución dos traballos é de catro (4) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia, e que afectan ao termo municipal de Santiago de Compostela, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

### TERCEIRA. FINANCIAMENTO

1.- O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de 289.216,39 € IVE incluído.

A actuación a levar a cabo é a adecuación do firme do Tramo 2.1 da Vía Verde no termo municipal de Santiago de Compostela, no marco do eixe 2 de mellora da eficiencia enerxética do proxecto PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, que contempla a adecuación do firme deste tramo da Vía Verde.

A Deputación da Coruña financiará o orzamento desta actuación con fondos do PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cunha achega máxima de 289.216,39 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4548/650.

Os custos derivados específicamente da execución da obra como son a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidad serán assumidos directamente pola deputación da Coruña:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		194.001,12 €		
IDENTIFICACIÓN DO CUSTO		B.I.	IVE 21 %	TOTAL
Dirección de Obra		5.771,53 €	1.212,02 €	6.983,55 €
Coordinación de Seguridade e Saúde		950,61 €	Incluído	950,61 €
Control de calidad		1.940,01 €	Incluído	1.940,01 €

O importe final da actuación ascende a 289.216,39 €. No que se refire a execución provincial, e de conformidade co indicado nas cláusulas primeira e segunda, o cadre de financiamento sería o seguinte:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA - PSTD*	% ACHEGA
Execución da obra	279.342,22 €		
Dirección de obra	6.983,55 €		
Seguridade e Saúde	950,61 €	289.216,39 €	100 %
Control de calidad	1.940,01 €		
<b>TOTAIS</b>	<b>289.216,39€</b>	<b>289.216,39 €</b>	<b>100%</b>

O financiamento desta actuación farase íntegramente a cargo do PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, fondos Next GenerationEU.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria



0510/4548/650 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2.-Ausencia de dobre financiamento: A execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión dos mesmos gastos.

As reformas e os proxectos de inversión poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.

Para esta actuación o Concello de Santiago de Compostela acredita, coa firma deste Convenio, a ausencia de de dobre financiamento.

#### **CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Santiago de Compostela, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva disponibilidade dos terreos necesarios, tanto do trazado da propia vía verde como dos terreos adxacentes, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “Vía Verde de Compostela-Tambre\_Santiago de Compostela\_Tramo 2.1” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “ Vía Verde de Compostela-Tambre\_Santiago de Compostela\_Tramo 2.1.”
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Santiago de Compostela, procederase a :

- 3.1. Formalizar a acta de recepción con representante designado polo Concello de Santiago de Compostela, xunto co técnico competente que determine.
- 3.2. Formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Santiago de Compostela.

#### **QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. O proxecto construtivo “Vía Verde de Compostela-Tambre\_Santiago de Compostela\_Tramo 2.1.”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan Director de Mobilidade Ciclista da deputación da Coruña.
2. Imputar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Santiago de Compostela, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0510/4548/650.
3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións



de contratación, ejecución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Santiago de Compostela a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Santiago de Compostela, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Santiago de Compostela, ou se forá o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

## **SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

1. Constituirase unha comisión de seguimiento formada por un representante do Concello de Santiago de Compostela e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.


2. Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula quinta.

## **SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

O presente convenio quedará suxeito ao disposto no “Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, ou “Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia”, “Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, “Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, “Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autónomico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos componentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle.



## OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS


1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.
2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.
3. Serán causas de extinción deste convenio;
  - O non cumprimento do seu obxecto.
  - A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
  - O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
  - Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.
4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

## NOVENA. PUBLICIDADE

Con relación á publicidade do financiamento deberase cumplir co establecido no:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9, Comunicación.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Manual de Comunicación para Xestorres e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Calquera outra normativa que poida resultar de aplicación.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao



presente convenio a publicidade esixida.

## DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2025, segundo o establecido no Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación para a execución do PSTD Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, ou data posterior en caso de prórroga.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscrivendo o presente convenio por triplicado exemplar.

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA"

### **32.- Dación de conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación de Galicia" e das súas recomendacións.**

Dase conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación de Galicia" e das súas recomendacións.

### **33.- Dación de conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais. Concellos de más de 20.000 habitantes" e da súa recomendación.**

Dase conta do informe do Consello de Contas de Galicia sobre "medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais. Concellos de más de 20.000 habitantes" e da súa recomendación.

### **34.- Aprobación do proxecto da obra DP 1105 Noia a Boiro: Mellora capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente, punto quilométrico 14+031 AO 15+603 (Boiro); incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2024**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto DP 1105 Noia a Boiro: Mellora capa de Rodaxe con Mestura Bituminosa en quente, Punto Quilométrico 14+031 Ao 15+603 (Boiro) que se integra no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 279.728,84 € con cargo á aplicación 0410/ 4531/60900 que se detalla:



CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0011.0	DP 1105 Noia a Boiro: Mellora capa de Rodaxe con Mestura Bituminosa en quente, Punto Quilométrico 14+031 Ao 15+603 (Boiro)	BOIRO	279.728,84 €	4 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**35.- Aprobación do proxecto da obra DP 6902 Pontedeume a Pedra da Auga. Mellora seguridade vial e mellora superficial do firme. Punto quilométrico 0+000 a 1+880 (Pontedeume), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2024**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto DP 6902 PONTEDEUME A PEDRA DA AUGA. MELLORA SEGURIDADE VIAL E MELLORA SUPERFICIAL DO FIRME. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+880 que se integra no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 141.099,14 €con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	Prazo de execución
2024.1110.0012.0	DP 6902 PONTEDEUME A PEDRA DA AUGA. MELLORA SEGURIDADE VIAL E MELLORA SUPERFICIAL DO FIRME. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+880	Pontedeume	141.099,14 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de



Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**36.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 7402 Marteo a Augasantas, Ampliación e mellora; punto quilométrico 0+000 a 2+543 (Rois) incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI)2022**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente o Proxecto DP 7402 MARTELO A AGUASANTAS, AMPLIACIÓN E MELLORA PQ 0+000 AO 2+543 incluído no Plan de Vías Provinciais 2022 cun orzamento total de 2.041.188,47 euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2022.1110.0009.0	DP 7402 MARTELO A AGUASANTAS, AMPLIACIÓN E MELLORA PQ 0+000 AO 2+543	ROIS	2.041.188,47 €	12 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de DEZ DÍAS a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de DEZ días sen que se emita ningún informe."

**37.- Aprobación técnica do proxecto da obra DP 3201 modificación de ampliación e mellora Estación Curtis ao Carregal e Gorxa, punto quilométrico 8+400 a 11+070 e senda punto quilométrico 8+700 a 9+700 (Curtis), incluído no Plan de Vias Provinciais (VIPI) 2021**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Modificar a aprobación técnica do proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2021 11ªFASE denominado DP 3201 AMPLIACIÓN E MELLORA ESTACIÓN CURTIS AO CARREGAL E GORXA PQ 8+400 AO 11+070 E SENDA PQ 8+700 AO 9+700, municipio de Curtis efectuada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de novembro de 2021, como consecuencia da necesidade de redactar un proxecto modificado no que se recollera os requisitos indicados pola Dirección Xeral de Patrimonio, así como a necesaria actualización de prezos dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación inicial, quedando integrada polo proxecto que a continuación se indica cun presuposto de 1.389.161,29 € con cargo a la aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	MUNICIPIO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0013.0	MODIFICADO DO DA DP 3201 AMPLIACIÓN E MELLORA ESTACIÓN CURTIS AO CARREGAL E GORXA PQ 8+400 AO 11+070 E SENDA PQ 8+700 AO 9+700	CURTIS	1.389.161,29 €	129.371,70 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0013.0	MODIFICADO DO DA DP 3201 AMPLIACIÓN E MELLORA ESTACIÓN CURTIS AO CARREGAL E GORXA PQ 8+400 AO 11+070 E SENDA PQ 8+700 AO 9+700	CURTIS	1.389.161,29 €	129.371,70 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.



Yo le pediría que a la mayor brevedad se reúna usted con los alcaldes de los municipios que cuentan con un grupo de emergencia supramunicipal a efecto de escuchar las demandas que tienen pues, por lo que tenemos conocido por ellos, la viabilidad económica de estos grupos está en serio riesgo, con lo cual corremos el riesgo, valga la redundancia, de que dejen de prestar este servicio que es esencial a la hora de dar un servicio mucho más allá del ámbito de su municipio. Entonces yo le pediría a usted que, antes de la aprobación o renovación del convenio que finaliza el 31 de diciembre, les escuche y que valore la posibilidad de hacer una aportación o, de alguna manera, escuchar las demandas que tienen a la hora de poder entre todos buscar una solución para este tema tan importante en la provincia de La Coruña.

Gracias.

Sr. Presidente

Moi ben. Ao respecto, sinalar que este financiamento dos GES está conveniado e titorizado pola Fegamp e polo tanto son acordos a tres bandas: concellos, Fegamp, Xunta de Galicia, e as deputacións. Polo tanto, non teño ningún inconveniente en que a Fegamp nos convoque a todos para falar da situación e chegar aos acordos aos que teñamos que chegar. Pero é un tema que debe consensuarse entre todas as partes e non unha soa delas.

Algún rogo más?

Si, por supuesto.

Sr. Ben Otero

Como aún vamos con tiempo, aparte me han comentado, voy a hacer un chascarrillo primero y luego felicitar las fiestas. Me han comentado que hay un mago en el Palexco que espero que tenga la capacidad de ayudar a los responsables económicos a ejecutar el presupuesto haciendo magia en los años que vienen. Dicho lo cual y hecha la chanza, yo os deseo de todo corazón a todos unas felices fiestas, que disfrutéis mucho en la compañía de las personas que queréis, que es importante y de todo corazón en lo personal, repito, en lo personal, os repito los mejores de los éxitos en el año 25. Lo dicho, feliz Navidad y buen año 25 para todos.

Sr. Presidente


Moitas grazas, Evaristo.

Sr. García Seoane

É que nestes días de reflexión, desde a Deputación lle fagamos un rogo á Virxe dos Desamparados e á do Socorro para que as obras de Bergondo, dese paso, ese Franco que nos está impedindo, ese parente de Franco, que nos está impedindo que esa obra se faga, que a realicemos dunha vez, porque me parece que son xa moitos anos e xa non se poden admitir máis demoras.

Sr. Presidente

San Raimundo de Peñafort, porque é un tema da xustiza, más que da Deputación, pero ben ...



Sra. Veira González

Desexarlle a todo o mundo, igualmente, unhas boas festas e unha boa entrada de ano e que ese 2025 sexa bo para todas e para todos, e sobre todo desexarles a todos os pobos do mundo paz e sobre todo moita paz para Palestina, que boa falta fai, e eu creo que é un país do que nos temos que acordar moito nestas datas dado o que celebramos. Nada más.

Sr. Presidente

Grazas.

Ben, pois efectivamente felicitar as festas a todos os traballadores e traballadoras da casa en nome da Corporación; felicitar a Corporación, como non pode ser doutra maneira; e felicitar loxicamente toda a sociedade coruñesa estes días de ledicia e de celebración, en familia. E verémonos antes de que remate o ano para felicitarnos o ano tamén.

Sr. Ben Otero

Me fastidia pero me olvidaba. Después, por supuesto, acabe usted, presidente, pero yo hay una persona que sé que no le gustan estas cosas, me lo han dicho, sé que es una persona que no tiene nada que ver con el partido, todo lo contrario, todo lo contrario, pero que le deseamos la mejor de las suertes una vez que deja la casa. Cuenta de nuestro aprecio personal, de nuestra consideración política, le deseamos a Foxo toda la suerte y que disfrute de la vida que bien merecido lo tiene.

Sr. Presidente

Igualmente. Moi ben, creo que é unha reflexión compartida, das poucas cousas nas que estaremos de acordo con Evaristo.

Ben, rematou o Pleno. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:30 horas.